

Olladas no Pasado

A Galicia do século XX

Justo Beramendi



Olladas no Pasado

A Galicia do século XX

Justo Beramendi

XUNTA
DE GALICIA

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Román Rodríguez González

Secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Manuel González González

A Galicia do século XX
Colección Olladas no Pasado
Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea
Director: X. Amancio Liñares Giraut

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

© Dos textos orixinais: Justo Beramendi
© Da edición orixinal íntegra en castelán: Turner Publicaciones, SL
© Da ilustración do colofón: Siro López

Revisión lingüística deste volume: Sandra Casal Munín, Alba Quinteiros Soliño e Laura Sánchez Castro

Fotografía da cuberta: Rúa do Preguntoiro, Santiago de Compostela (1930-1932?).
Heliotipia de Kallmeyer y Gautier, Madrid.

Santiago de Compostela, 2022

A Galicia do século XX recibiu o Premio Humanístico Manuel González González do IES Xulián Magariños (Negreira).

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades agradece a Turner Publicaciones SL as facilidades para realizar traballos de tradución ao galego de parte da obra *Historia mínima de Galicia* obxecto desta publicación.

Maquetación e impresión:
Grafisant

ISBN: 978-84-453-5430-8
Depósito Legal: C 1833-2022



ÍNDICE

PRESENTACIÓN, por Valentín García Gómez.....	9
GUIEIRO, por X. Amancio Liñares Giraut.....	11
LIMIAR, por Justo Beramendi.....	15
1. <i>A Galicia do século XX</i>	17
Os progresos truncados.....	19
A longa noite de pedra.....	41
A Galicia autónoma.....	63
Cronoloxía.....	87
2. <i>Anexos</i>	91
Entrevista.....	93
Biobibliografía.....	109

PRESENTACIÓN

A aparición dun novo libro sempre é unha festa para a escrita e para todas as persoas que aman a Cultura. Pero se ese libro é, como este *A Galicia do século XX*, unha obra que inaugura unha nova liña de publicacións; se o fai, ademais, abrindo unha división de estudos e se, por riba, engade a regalía de ser da autoría dun ensaísta tan admirado e recoñecido como o profesor Justo Beramendi, entón a celebración é aínda meirande.

Con *A Galicia do século XX* o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades bota a andar o seu Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea. E faino pola porta grande, creando unha colección de ensaio baixo o nome de *Olladas no Pasado*, unha denominación que homenaxea directamente a unha das personalidades máis senlleiras da pasada centuria, Ramón Piñeiro, autor, como é sabido, de *Olladas no futuro*, un volume referencial que serve agora para tecer este xogo de continuidades e de olladas que queren abranguer o relato integral da Galicia que foi, da que é e da que teremos que construír.

O libro do profesor Beramendi deita unha ollada sempre lúcida aos principais socialcos da historia de Galicia ao longo do complexo e intenso século XX, dende os tempos das Irmandades da Fala e de Nós ata a Transición e a Autonomía, pasando pola longa noite de pedra.

Mais esta obra engade aínda outras presenzas de valor, como é a reprodución dunha longa entrevista ao autor, a inclusión dunha acaída biobibliografía e a adición dunha máis que pertinente cronoloxía.

Cómpre dicir, amais, que o texto base de partida para esta edición foi escolmado dun libro anterior publicado en Turner, que aquí foi vertido á nosa lingua por un equipo formado polo alumnado do IES de Negreira, que obtivo por este traballo un galardón: o Premio Humanístico Manuel González González, o que é un novo motivo de

ledicia, pois a distinción recoñece a o coordinador científico do propio Centro Ramón Piñeiro, natural das terras do Xallas, lindeiras coas de Barcala nas que asenta o centro de ensino promotor do premio.

Pois ben, todo isto é posible mercé ao impulso dinamizador do coordinador do Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea do CRPIH, o tamén profesor e historiador Amancio Liñares Giraut, animador do equipo de alumnado que realizou a tradución que aquí se presenta e responsable último desta impecable edición, que engade a maiores un proemio do propio Beramendi redactado *ex professo* para este libro a petición do laborioso e sempre solícito Liñares Giraut.

Como secretario xeral de Política Lingüística énceme de satisfacción saudar con albízaras a aparición deste ben valioso *A Galicia do século XX* do profesor Justo Beramendi, ao tempo que me congratulo por este primeiro froito da Colección Olladas no Pasado do Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea do CRPIH. Oxalá tras este primeiro libro veñan moitos outros que nos axuden a seguir ollando e aprendendo do noso pasado para, como queredría Ramón Piñeiro, facer máis grande o noso presente e proxectarnos con forza cara ao máis radiante dos futuros.

Valentín García Gómez

Secretario xeral de Política Lingüística

GUIEIRO

OLLADAS NO FUTURO. OLLADAS NO PASADO. A GALICIA DO SÉCULO XX

Olladas no futuro é un libro da autoría do intelectual galeguista Ramón Piñeiro López (1915-1990), publicado pola editorial Galaxia en 1974. O volume recolle unhas dúcias de traballos escritos ó longo “de moitos anos e aparecidos en publicacións diversas”, como se indica na lapela da obra.

Olladas no pasado significa darlle unha volta a ese título e volver a mirada cara atrás, coa atención posta no mundo contemporáneo, e máis especialmente no século XX, no espazo e tempo nos que viviu Ramón Piñeiro. Trátase dun punto de partida que quere potenciar o que denominamos Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea do CRPIH. Baixo esta epígrafe pretendemos organizar anualmente unhas xornadas para a reflexión, o estudo e a divulgación arredor de diversos aspectos da Historia de Galicia na pasada centuria, así como da propia vida e obra de Ramón Piñeiro. Son un ciclo de conferencias abertas ó público, en xeral, e destinadas dun modo especial ó profesorado de Historia e das áreas humanísticas, coidando da interdisciplinabilidade.

Por outra parte, *Olladas no Pasado* vai ser o título dunha colección específica no seo das publicacións do Centro Ramón Piñeiro, dedicada á edición de obras que fagan referencia á historia contemporánea de Galicia.

O presente volume que imos comentar neste *Guieiro* abre, pois, a serie de *Olladas no Pasado* en formato de libro.

Achegando datos para mellor coñecer a intrahistoria desta edición, indicamos que *A Galicia do século XX*, de Justo Beramendi, é o froito de gañar o Premio Humanístico Manuel González González.

Acadouno un grupo de alumnado de Bacharelato do IES Xulián Magariños (Negreira). Como o seu profesor de Historia, tiven a satisfacción de alicerzar a idea, de coordinar e guiar tal actividade.

Coa realización deste traballo quixemos achegarnos á vida e á obra do historiador e profesor Justo Beramendi, un home vinculado á Universidade de Santiago de Compostela, ó Museo do Pobo Galego e ó galeguismo.

O traballo deste equipo xuvenil consistira en facer a tradución á lingua galega dos capítulos VI, VII e VIII e mais da correspondente Cronoloxía, que forman parte do seu libro *Historia mínima de Galicia* (Editorial Turner, Madrid, 2016), publicado orixinalmente en lingua castelá. Estes apartados fan referencia á Historia de Galicia do século XX e primeiros anos do século XXI. O conxunto desta obra non ten versión ata agora en galego. Por todo isto é unha novidade e primicia a presente tradución, portando ese zume estudantil, ese selo da mocidade.

Ademais dos aspectos biobibliográficos sobre Justo Beramendi, complementamos o noso estudo cunha entrevista que lle fixo este alumnado no seu despacho do Museo do Pobo Galego. Deste xeito, transversalmente, na monografía que agora sae á luz están presentes a atención á historia e ó cultivo do idioma galego, dándolle ese carácter interdisciplinar e humanístico —aspectos históricos, aspectos lingüísticos—, propio das ciencias sociais.

Poder rematar esta tarefa non sería posible sen a colaboración do conxunto do alumnado das materias Historia Contemporánea (1º de bacharelato-B) e de Xeografía e Historia de Galicia (2º de bacharelato-B), durante o curso académico 2017-2018. Vaia o noso agradecemento para estes grupos de estudantes barcaleses de secundaria. Tampouco queremos esquecer a gratitude ó propio autor do orixinal —Justo Beramendi—, á dirección do IES Xulián Magariños e mais a Turner Publicaciones pola súa excelente dispoñibilidade para que se puidese editar *A Galicia do século XX*. No presente ano 2022, esta editorial concedeulle ó Centro Ramón

Piñeiro —de maneira gratuíta— os dereitos dos capítulos desta obra referidos ó século XX, para seren publicados en idioma galego.

E quero deixar constancia antes de rematar este *Guieiro* da miña gratitude a Valentín García Gómez, secretario xeral de Política Lingüística, e ós integrantes do CRPIH Armando Requeixo e Manuel Anxo Castro, polo interese e colaboración prestadas para logramos a edición deste singular e plural volume que abre a colección *Olladas no Pasado*.

X. Amancio Liñares Giraut

Coordinador

Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea

CRPIH

LIMIAR

Esta publicación ten a súa orixe na iniciativa docente que o seu impulsor, Amancio Liñares, describe na presentación precedente. Debo expresar de entrada o meu agradecemento a el, ao alumnado que a desenvolveu e ao Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, que fai posible a súa difusión editándoa. O corpo principal das páxinas que seguen corresponde á versión en galego dos tres últimos capítulos do libro de divulgación *Historia mínima de Galicia* (2016), que a editorial Turner me encargou para a súa colección de historias “mínimas” de diferentes países ou procesos históricos, que edita en colaboración co Colexio de México. Trátase dun conxunto de pequenas monografías destinadas a un público non especialista do ámbito lingüístico do español. De aquí, non só a lingua do orixinal, senón sobre todo as estritas limitacións editoriais aos autores: extensión moi reducida, síntese extrema e ausencia do aparello crítico propio dos traballos universitarios, agás a bibliografía. Malia isto, esixíase, como é natural, contemplar todos os aspectos fundamentais do devir histórico, basear descrições e análises na historiografía máis actualizada e expresalo dun xeito accesible e ameno para o lector común. Reto non doado.

Pero tamén reto atractivo, que aceptei. Con demasiada frecuencia os historiadores resistímonos a saír da nosa burbulla académica para aforrarnos o esforzo que implica practicar modos de comunicación moi diferentes a aqueles aos que estamos afeitos. E logo queixámonos de que a xente non é sabedora do que descubrimos ou de que dan por boas as terxiversacións do pasado que lles venden panfletistas dunha ou doutra pelaxe. Pois algo de culpa (non toda) temos nós por descoidar a divulgación seria.

Por suposto, como en toda síntese, tanto o libro orixinal como a parte que aquí se publica en galego son moi debedores do traballo dun gran número de colegas a quen procurei recoñecer as

súas achegas, sexa no propio texto, sexa na bibliografía final. Por desgraza, as limitacións de espazo deixaron fóra a algúns, a quen pido desculpas aquí.

Tiven que comprimir en 230 páxinas de pequeno formato a evolución dos habitantes deste noroeste peninsular dende o Paleolítico aos nosos días e en 85 as correspondentes ao século XX, que aquí, cun formato moito maior, fican reducidas a menos. Aínda así procurei, na medida en que o permite o nivel actual dos nosos coñecementos, fornecer unha visión sintética pero completa da natureza e evolución dos aspectos máis relevantes: demografía, economía, sociedade, base étnica, lingua(s), cultura, conflitos sociais e sistema e dinámica políticos, incluída a cuestión nacional no último tramo. Corresponde aos lectores xulgar se o conseguín ou non.

E remato cun agradecemento moi especial aos alumnos do IES Xulián Magariños que me fixeron a entrevista e redactaron a biobibliografía, nun realce da miña persoa que se cadra non merezo.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2022.

Justo Beramendi

Catedrático emérito de Historia Contemporánea, USC

1. A Galicia do século XX

OS PROGRESOS TRUNCADOS

*Cando cheguei aquí topeime cun
problema de despensa e outro de escravitude.
A fame prendera nos campos,
os caciques espoliaban os meus irmáns
e o foro encadeábaos á terra que regaban coa súa suor.
Irmáns, antes a morte que non
ver a Galicia redimida!*
(Versión orixinal en castelán)

Así se expresaba o cura Basilio Álvarez, líder do agrarismo máis combativo, nun dos seus incendiarios discursos, pronunciado en Ribadumia en 1912. Aínda que non hai que tomalo ó pé da letra, é moi ilustrativo de como desde principios de século o conformismo social foi deixando paso á protesta. Os bloqueos do século XIX empezan a crebarse dando lugar a unha modernización incipiente que, con todo, non logra superar por completo o subdesenvolvemento do país antes de que a Guerra Civil provoque un delongado retroceso que levará vinte anos superar. Nisto, e en todo o demais, a evolución de Galicia comparte moitos trazos básicos co conxunto de España, pero tamén mostra peculiaridades que a diferencian. Vexámolo por partes.

INERCIAS E AVANCES

No primeiro terzo do século XX, agricultura, industria e servizos empezan a superar o estancamento do século XIX con diferentes ritmos e por diversas causas. Pero é un crecemento lento e insuficiente para equilibrar a poboación e recursos, polo que a principal partida de exportación segue sendo a man de obra. A

emigración, preferentemente a Cuba e Arxentina, pero tamén a outros lugares da Península e América, acada en 1900-1930 as súas maiores cotas, aínda que nos anos trinta sofre unha brusca freada primeiro pola crise económica mundial e despois pola Guerra Civil. A sangría é considerable: a emigración neta nesas tres primeiras décadas do século estímase en torno ás 300.000 persoas sobre un total que rozaba os dous millóns en 1900 e situábase en 2.230.000 en 1930. Vemos, pois, que o crecemento demográfico continuouse dando a pesar dunha perda migratoria de entre 500.000 e 600.000 individuos no medio século que vai de 1880 a 1930. Isto débese a que, mentres a natalidade se mantén relativamente alta, descende con rapidez a mortalidade, sobre todo a infantil, polas mesmas causas que xa mencionamos para o derradeiro cuarto do século XIX, e que agora aumentan a súa efectividade, sobre todo os adiantos médicos. Aínda así, ese crecemento é inferior á media española, co que a porcentaxe da poboación galega no total continúa o descenso iniciado no século anterior: 11,40 % en 1860; 10,6 % en 1900; 9,46 % en 1930.

No sector primario prodúcese un cambio realmente histórico: a desaparición gradual do foro, dominante no campo galego dende a Baixa Idade Media. Ante a desvalorización das rendas forais como consecuencia da gran crise agraria de finais do século XIX e a presión do agrarismo que facía cada vez máis difícil cobralas, moitos rendeiros foron accedendo a negociar individualmente a redención do foro cos seus foreiros, o que implicaba que estes pagasen unha cantidade equivalente á capitalización da renda a un tipo de xuro acordado. De onde sacaban o diñeiro os campesiños? Unha parte procedía das remesas que os emigrantes enviaban ás súas familias e outra dos aforros que permitían as melloras na produción e venda, sobre todo de gando, que agora se podía exportar por ferrocarril ós grandes centros consumidores. Deste xeito, a gran masa de pequenos campesiños dependentes accedeu á propiedade plena da terra nunha proporción considerable. De feito, cando a ditadura de Primo de Rivera promulgou en 1926 a Lei de redención de foros para

neutralizar unha das causas do movemento agrarista, a maior parte dos foros galegos estaban xa redimidos.

Prodúcese asemade unha apreciable modernización técnica da produción agropecuaria, estudada por Lourenzo Fernández Prieto. As innovacións foron permitindo que a produción se orientase cada vez máis ó mercado. Axudaron a iso iniciativas públicas como a Granxa Agrícola Experimental da Coruña (1888) ou a Misión Biolóxica de Galicia, fundada en Pontevedra en 1921. Pero o maior mérito correspondeulle ó vigoroso asociacionismo agrario que cos seus sindicatos e cooperativas promoveu a selección de sementes e razas, a adquisición de fertilizantes e maquinaria, a organización de feiras e a apertura de canles de comercialización. Grazas a isto a produción medrou con rapidez e acentuouse a especialización gandeira. As vendas de vacún pasaron dunhas 46.000 toneladas de media anual na derradeira década do século XIX a unhas 220.000 ó redor de 1930. Con todo, a persistencia do minifundio impoñía graves limitacións ó desenvolvemento agrario. O exíguo da maioría de explotacións e o feito de que o campesiño tivese que dedicar case todo o seu capital a redimir o foro pechaban o camiño a unha agricultura rendible e competitiva. O cooperativismo, por outra banda minoritario, mitigaba algo os peores efectos deste freo estrutural, pero non podía neutralizalos.

É moi ilustrativo da natureza da economía galega de entón que as principais industrias dependesen totalmente dunha actividade primaria: a pesca. A introdución de barcos de vapor e de novas artes como o arrastre permitiu non só aumentar as capturas tradicionais, senón impulsar a pesca de altura no Gran Sol, Canarias ou no norte de África. Só na ría de Vigo pasouse de 8 vapores en 1888 a 67 en 1900. Na década de 1930 a frota galega tiña 14.000 barcos, dos que o 70 % eran vapores e motoras, empregaba a 58.000 persoas e achegaba o 40 % de toda a pesca española. Este crecemento non sería posible sen o salto da salgadura tradicional á conserva moderna en latas herméticas. Segundo Xan Carmona, a industria conserveira

estaba xa consolidada en 1905. Dous anos despois contaba con 106 empresas, a maioría na ría de Vigo, e producía o 60 % da conserva española, hexemonía que manterá ata a Guerra Civil. Ademais inducirá no primeiro terzo do século o desenvolvemento sostido de estaleiros, fábricas de envases e aparellos e un gran número de industrias auxiliares, como fundicións e obradoiros de fabricación de motores e maquinaria. Destes últimos había 105 en 1908, repartidos entre A Coruña e Vigo. A neutralidade española na Gran Guerra de 1914-1918 deulle un impulso adicional ó sector.

Agora ben, salvo este complexo ligado á pesca e á conserva e ós estaleiros militares de Ferrol, o panorama industrial de Galicia non daba moito de si. Algunhas minas, as primeiras e pequenas hidroeléctricas, as empresas destinadas a satisfacer os novos servizos urbanos como as fábricas de gas ou luz ou os tranvías eléctricos da Coruña e Vigo, e pouco máis. Pese á súa debilidade de conxunto, este incipiente desenvolvemento deu lugar a cambios significativos nas cidades, que creceron, especialmente A Coruña e Vigo, e procuraron poñerse a ton co que se estilaba fóra. Abríronse novas rúas, construíronse novas vivendas para acoller os que ían chegando e melloráronse notablemente os equipamentos: alumeamento e transportes públicos, pavimentacións, parques, teatros, cines, etc. E así, A Coruña pasou de 43.000 habitantes en 1900 a 64.000 en 1930, e Vigo de 19.000 a 40.000. Máis limitados foron os crecementos de Santiago (de 15.000 a 23.000) e Ferrol (de 24.000 a 33.000) e moi pequenos os de Lugo, Ourense e Pontevedra, que permaneceron entre os 10.000 e 14.000 habitantes. En todo caso, esta modesta expansión urbana non alterou de forma significativa o abafador predominio do rural. Tampouco o peso excesivo do sector primario, que en 1930 ocupaba aínda o 65,3 % da poboación activa, fronte ó 45,5 % da media española. Aínda que a industria galega, co seu 14,7 % en 1930, multiplicara por 2,5 veces a ocupación de 1900, seguía por baixo do 26,5 % de España, que non era precisamente un emporio industrial.

NA LONGA CRISE DA RESTAURACIÓN

A dinámica política galega destes anos está supeditada en gran medida ás sucesivas crises e cambios de sistema político que teñen lugar no Estado. Pese a iso, Galicia mostra tamén neste campo algunhas peculiaridades, ademais da especial fortaleza do “turnismo” e o caciquismo. As tres principais son o agrarismo, o emerxente nacionalismo galego e a existencia dentro do republicanismo de correntes autóctonas que evolucionan do federalismo do século XIX ó autonomismo.

Sen dúbida Galicia seguiu sendo un dos bastións da Restauración. Mentres en Cataluña, o País Vasco, Madrid e algún outro lugar se creba o duopolio de liberais e conservadores con novas forzas políticas que envían ó Congreso deputados nacionalistas, republicanos e ata socialistas, aquí as redes do clientelismo seguiron cumprindo moi ben a súa función. As estruturas do país non permitían un crecemento suficiente dos partidos da oposición real. Haberá que esperar á democracia republicana para que comece en Galicia unha dinámica política algo diferenciada.

De momento, o desastre de 1898 non deixa secuela ningunha no funcionamento do sistema. Tampouco parece afectarlle demasiado a chegada do que se deu en chamar “política de masas”, é dicir, a crecente incorporación á política dos sectores sociais maioritarios, ó fío dos novos movementos sociais, especialmente o obreiro, dos avances da alfabetización, da modernización e crecemento da prensa e da adecuación das estruturas partidarias á nova situación. Desaparecen por fatalidade biolóxica boa parte dos grandes nomes da primeira metade da Restauración como Aureliano Linares Rivas na Coruña, o conde de Pallares en Lugo, José Elduayen en Vigo ou Saturnino Álvarez Bugallal en Pontevedra e Ourense. Outros ocupan o seu sitio, como os conservadores Luis Rodríguez de Viguri e Augusto González Besada. No bando liberal, os dous xenros de Eugenio Montero Ríos, Eduardo Vicenti e Manuel García Prieto,

saben administrar ben o seu legado político cando don Eugenio morre en 1914. O primeiro foi ininterrompidamente deputado por Pontevedra desde 1886 ata a súa morte en 1924 e o segundo, á parte de ser presidente do Goberno en catro ocasións, representou o distrito de Santiago tamén sen interrupción durante vinte anos a partir 1893. O férreo control político do marqués de Riestra sobre a provincia de Pontevedra fixo pronunciar a Antonio Maura a súa coñecida frase no Congreso: “España ten corenta e nove provincias e a do marqués de Riestra”.

E non eran casos illados. Os chanzos comarcais e locais das pirámides de clientela continuaron funcionando como unha máquina ben engraxada. Do mesmo xeito que noutras partes, a lei de 1907 promovida por Maura para “desfacer o caciquismo” tivo un efecto contrario ó permitir, no seu famoso artigo 29, que nin sequera houbera eleccións nun distrito cando se presentaba un só candidato. Algo doado de conseguir nas pequenas circunscricións uninominais, que eran case todas. A porcentaxe de deputados galegos proclamados sen elección foi moi alto en todos os comicios desde 1907 a 1923. De feito, a representación de Galicia nas Cortes estivo totalmente monopolizada ata a ditadura de Primo de Rivera polas diferentes familias de liberais e conservadores, con excepción dun só deputado republicano e duns poucos distritos nos que algún “independente” consegue afincarse por unha ou outra vía, como o caso de Manuel Portela Valladares na Fonsagrada desde 1905. Este dominio abafador do “turnismo” repetíase nos niveis provincial e municipal, coa soa excepción, xa mencionada, do concello da Coruña. Algúns republicanos, tradicionalistas, agraristas ou nacionalistas accedían a unha concellaría ou un escano provincial, pero en tan escaso número que non cambiaba en nada a situación.

O único intento serio de abrir unha fenda no sistema foi Solidaridad Gallega. A experiencia de Solidaritat Catalana en 1906 animou as forzas galegas situadas fóra das paredes do sistema a seguir o seu exemplo. Do mesmo xeito que en Cataluña, republicanos,

carlistas, social-católicos, rexionalistas e algúns rexeneracionistas independentes converxeron antes das eleccións de abril de 1907 para fundar Solidaridad Gallega coa esperanza de obter algúns deputados e armar así unha fronte civicopolítica que iniciase a rexeneración de Galicia e contribuíse á de toda España. Ó principio o movemento arraigou sobre todo na Coruña e a súa área de influencia. Publicáronse algúns xornais de curta vida (*Galicia Solidaria*, *Solidaridad Gallega*, *Solidarismo Gallego*) e organizáronse grandes mitins nos que os dirixentes galegos (o rexeneracionista Rodrigo Sanz, o carlista Juan Vázquez de Mella, os rexionalistas Manuel Lugrís e Juan Golpe) compartiron tribuna con personaxes da irmá catalá que viñeron botar unha man, como os republicanos Nicolás Salmerón e Josep Vallès i Ribot ou o catalanista Lluís Durán i Ventosa. Pero á hora da verdade todo foi en van. Mentres a Solidaritat Catalana abría unha nova era política en Cataluña obtendo 41 dos 44 escanos en disputa, a galega non conseguiu ningún. A Restauración aínda era demasiado forte nesta terra. En cambio a Solidaridad derivou aquí por outros camiños. En varias comarcas (Betanzos, Pontedeume, Arzúa, Monforte, Chantada) conectou co nacente agrarismo e deu lugar a un vigoroso movemento agrario-rexionalista entre 1908 e 1912. No partido xudicial de Betanzos, as protestas contra o caciquismo, os foros e o arbitrario reparto dos consumos alcanzaron unha gran virulencia e a reacción governamental foi moi dura cando os solidarios conseguiron nesa zona un total de 258 concelleiros nas eleccións municipais de 1909. Pero esta chama apagouse en pouco tempo, carente dunha dirección política e dunha organización que a mantivese viva. Este foi o primeiro e derradeiro desafío galego dalgunha entidade ó sistema do “turnismo” ata 1923. As turbulencias que axitaron o sistema político no resto de España, como a Semana Tráxica de 1909 e as súas secuelas, a tripla crise de 1917 ou os Anos de Chumbo en Cataluña tiveron aquí un eco menor.

Á parte disto o panorama político galego empeza a diferenciarse algo do resto de España coa presenza do nacionalismo

organizado. O rexionalismo, que entrara no século XX moi apagado, reactivábase algo grazas á súa participación na Solidariedade Galega e no agrarismo conexo. Nese marco editábase o primeiro número de *A Nosa Terra* (1907-1908), por certo maioritariamente en castelán agás os textos literarios. Pero entre 1912 e 1916 volve sufrir unha eclipse case total. Neste último ano, pode que por emulación do nacionalismo catalán e por influencia do debate europeo sobre os dereitos das nacionalidades, principia un punto de inflexión coa fundación das Irmandades da Fala e sobre todo coa súa I Asemblea Nacionalista, celebrada en Lugo en novembro de 1918. O manifesto que alí se aproba é a acta de nacemento do nacionalismo galego, pois declara superado o rexionalismo, proclama que Galicia é unha nación e establece as reivindicacións principais: Estado galego nunha federación ibérica, concerto económico entre Galicia e a federación, reforma arancelaria en sentido librecambista, democracia auténtica sen fraudes nin caciques, supresión das deputacións provinciais, igualdade de dereitos políticos para a muller, oficialidade do idioma galego, galeguización da educación, a xustiza e a administración, supresión dos foros, pulo ás comunicacións e desenvolvemento económico do país para mellorar a situación dos traballadores, especialmente dos campesiños, e rematar así coa emigración masiva.

Para o seu órgano de expresión recuperan a cabeceira *A Nosa Terra* (1916-1936) que agora está integramente en galego. As Irmandades instauran en todos os seus usos públicos, orais e escritos, un monolingüismo que as distinguen tanto das demais forzas políticas como do bilingüismo precedente. No ámbito da prensa son de destacar tamén a revista *Nós* (Ourense 1920-1936) e o diario *Galicia* (Vigo, 1922-1926), moi anovador por contidos e formato, que chega a ser o de maior tiraxe do país, pero que desaparece pola represión da ditadura de Primo de Rivera.

A pesar dos seus esforzos, as Irmandades non adquiriron a forza suficiente para incidir na dinámica política galega. Proba diso é que entre 1916 e 1923 só conseguiron un puñado de concellarías,

a máis soada a de Luis Peña Novo na Coruña en 1920. Nos seus mellores momentos rozaron os 700 afiliados, repartidos nunhas vinte agrupacións en Galicia. Tamén prenderon nas colonias galegas de Cuba e Arxentina, onde por certo xurdiron na década de 1920 os primeiros e minúsculos brotes de independentismo organizado: o Comité Revolucionario Arredista Galego na Habana e a Sociedade Nazonalista Pondal e a súa revista *A Fouce* en Bos Aires.

No seo do nacionalismo, maioritariamente federalista, conviven dúas tendencias maiores: a católico-tradicionalista, oposta ó desenvolvemento capitalista, ruralista, inimiga de calquera alianza cos republicanos e reticente a participar nas eleccións; e a liberal-democrática, inspiradora do programa de Lugo, filorepublicana e partidaria da actuación política en todos os ámbitos. A tensión entre elas levou finalmente a unha escisión en 1922. Dun lado quedou a Irmandade da Coruña, bastión liberal que agrupaba a metade de todos os afiliados, e algunhas menores dos contornos; do outro, o resto das agrupacións, máis heteroxéneo ideoloxicamente, que no nome da pureza nacionalista formaron a Irmandade Nazonalista Galega, presidida por Vicente Risco, o ideólogo principal destes anos e autor da *Teoría do nacionalismo galego* (1920). Estas divisións agudizaron aínda mais a debilidade deste nacionalismo de primeira hora, incapaz de facerse un oco político de certa entidade. En contraste coa crecente forza política dos nacionalismos catalán e vasco, o seu principal legado para o futuro inmediato foi só cultural e discursivo. Aínda así non foi en balde, como veremos.

No ámbito dos movementos sociais, o agrarismo é sen dúbida o máis importante. O seu arrinque cadra coa crise agraria de finais do século provocada pola chegada ós mercados europeos de grandes cantidades de cereais e carne a baixo prezo procedentes de América, Australia e Suráfrica. En Galicia isto supuxo a perda do mercado británico, que obrigou a reorientar as explotacións de gando cara ós grandes centros consumidores de España, algo difícil dadas as carencias das ligazóns ferroviarias. Esta conxuntura negativa, unida

ós factores de sempre (o foro, o minifundio, o baixo nivel de vida, os abusos caciquís) e á penetración da nova política no campo, provocou a aparición das primeiras sociedades agrarias a finais do século XIX. A partir delas, e cadrando máis ou menos coa Solidaridad, nace o verdadeiro agrarismo, que carecerá dunha dirección política común e manterase independente na súa organización respecto de partidos e centrais sindicais, pero será ó mesmo tempo campo de penetración e competencia das principais tendencias ideolóxicas presentes na sociedade galega. De aquí a súa perenne división e heteroxeneidade.

No período 1907-1912 coexisten no seu seo tres correntes, como puxo de manifesto no seu día José Antonio Durán. A Unión Campesina, centrada nos arredores da Coruña e moi influída polo anarquismo, desaparecerá axiña. O Directorio Antiforista de Teis (1908-1910), promovido inicialmente por algúns políticos liberais, reivindicaba a abolición dos foros e conseguiu unha notable implantación nas provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo. Por último, o agrarismo rexionalista, vinculado a a Solidaridad e impulsor das Asembleas Agrarias de Monforte (1908, 1910, 1911), defendía unha reforma agraria baseada na mellora técnico-productiva, no cooperativismo e na loita anticaciquil, máis que na cuestión do foro.

Entre 1912 e 1923 a expansión do agrarismo vai acompañada de cambios nas súas correntes internas. Miguel Cabo distingue dúas grandes liñas: a social-católica e a laica, na que á súa vez conviven distintas fidelidades políticas. A primeira fomentaba o cooperativismo e procuraba conservar viva a tradicional influencia da Igrexa no mundo rural mantendo os campesiños afastados dos partidos democráticos. Medrou moito grazas á acción de párrocos e propagandistas. Na década de 1920 contaba cuns 500 sindicatos e 45.000 afiliados. O agrarismo leigo insistía na desaparición do foro, organizaba boicots ó pago de rendas e impostos, era máis permeable á influencia de republicanos e galeguistas e apoiaba os esforzos por democratizar o sistema. A súa primeira organización foi a Liga de Acción Galega (1910-1914), liderada paradoxalmente por un crego,

Basilio Álvarez, famoso polos seus mitins multitudinarios e a súa acendida oratoria contra foros e caciques. Este movemento adoptou despois a forma de rede de asociacións agrarias, sobre todo nas provincias de Pontevedra e Ourense, que se agrupaban en Federacións Provinciais e finalmente nunha Confederación Rexional, que en 1922 sumaba 60.000 asociados e contaba cun diario, *La Zarpa*. En máis dunha ocasión, a conflictividade rural deu lugar a que a Garda Civil disolvese a tiros as concentracións co resultado de numerosos mortos e feridos: 7 falecidos en Oseira (1909), 20 en Nebra (1916), 25 en Narón e Sofán (1917), 4 en Guillarei (1922).

O escaso número de traballadores urbanos, e menos aínda de obreiros fabrís, consecuencia do atraso industrial, condicionou negativamente o desenvolvemento do movemento obreiro. Con todo, tivo algunha presenza en Galicia dende os seus inicios con pequenos e inestables grupos anarquistas na Coruña e Ferrol en 1871-1872 e noutras cidades despois. Algunhas folgas lograron certa entidade como a de 1891 na Coruña, que se saldou con oito mortos e a declaración do estado de guerra. Nesta década apareceron os seus primeiros xornais, de moi curta vida, como *El Obrero* en Ferrol ou *El Corsario* na Coruña. O anarquismo sobreviviu moi reducido no seu feudo coruñés ata que nos anos da Gran Guerra as protestas contra a carestía de vida en 1916 e as repercusións en Galicia da folga xeral de 1917 estimularon a súa implantación en Vigo e noutros lugares.

En 1891 fundouse en Ferrol a primeira Agrupación Socialista de Galicia e en 1904 tivo lugar o congreso constituínte da Federación Galega do Partido Socialista Obrero Español (PSOE) con representantes de dez agrupacións. O crecemento do socialismo en Galicia foi feble e lento. En 1923 soamente tiña uns 650 afiliados. Terase que agardar á Segunda República para que o PSOE acade en Galicia certa entidade, cuns 3.500 militantes repartidos por 78 localidades, segundo Manuel González Probados. Algo máis eficaz foi a súa actividade sindical, que creou unha rede de sociedades de resistencia impulsoras de numerosas folgas locais.

TODOS QUEDOS

O golpe de estado que encabezou o xeneral Miguel Primo de Rivera o 13 de setembro de 1923 dende a Capitanía Xeneral de Cataluña foi recibido por republicanos, agraristas e nacionalistas galegos con certa esperanza polas súas promesas de acabar co caciquismo e conceder algunha autonomía administrativa ás rexións. Como en toda España, moitos creron ver nel o *cirurxián de ferro* que Joaquín Costa considerara necesario para rexenerar o país. Ademais, un dos cerebros do novo réxime, o ex-maurista José Calvo Sotelo, conseguira en 1918 a súa primeira acta de deputado no Carballiño grazas ó apoio de Antón Losada Diéguez, mentor do sector dereitista do nacionalismo galego, con quen seguía mantendo unha boa relación. Isto explica que algúns dirixentes nacionalistas, como tamén bastantes agraristas, aceptasen formar parte dos novos concellos e deputacións, confiando no ofrecemento de conceder a Galicia unha mancomunidade similar á catalá. Con tal fin, incluso se celebrou en Santiago unha xuntanza de representantes das catro deputacións, con participación de Vicente Risco e Antón Losada. Pero o directorio militar esqueceu rapidamente esas promesas e iniciou unha política tan centralista como a anterior e máis intolerante aínda con rexionalismos e nacionalismos. A aprobación do Estatuto Provincial en 1925 acabou abruptamente con esa efémera colaboración.

Mellor fortuna tivo a integración dunha parte do agrarismo o cal, xunto coa promulgación da Lei de redención de foros, acabouno neutralizando en boa medida sen necesidade de reprimilo como antes. Naturalmente, como en toda España, tamén aquí a ditadura mantivo nunha inactividade e un silencio forzados a todas as organizacións políticas e sindicais. Os nacionalistas refuxiáronse na cultura e a teoría. Foron anos dourados para o cultivo da lingua galega en todos os xéneros, no que algúns consideran o segundo Rexurdimento. A fundación do Seminario de Estudos Galegos o 12 de outubro de 1923, xusto un mes despois do golpe de estado, por un grupo de estudantes

universitarios e a súa consolidación posterior deu un notable impulso ás ciencias sociais dende Galicia e en galego.

Os intentos da ditadura por institucionalizarse mediante un partido único, a Unión Patriótica (UP), e unha “constitución” autoritaria fracasaron tamén en Galicia. Nin os vellos políticos da Restauración nin a oposición de sempre lle prestaron apoio, aínda que tampouco fixeron gran cousa en contra, á parte de prepararse para cando desaparecese. A forzada dimisión de Primo de Rivera abriu en xaneiro de 1930 o breve capítulo final da monarquía afonsina, coñecido popularmente como a “ditabrandá”, pola súa menor dureza represiva. E toda a oposición aproveitouno para reactivarse. En Galicia, os máis madrugadores foron os republicanos autonomistas da Coruña, cuxo líder era Santiago Casares Quiroga. A comezos de setembro de 1929, sen agardaren á marcha do ditador, converxeron co grupo nacionalista da cidade encabezado por Antón Villar Ponte, o fundador das Irmandades, para formar a Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA), un partido que sería decisivo na Galicia republicana. A maioría dos nacionalistas do resto de Galicia non aceptaron esta vía, xa que entendían que desnaturalizaba a súa identidade política, e dedicáronse a reorganizar pola súa conta os grupos anteriores a 1923 e a crear outros novos, especialmente nas provincias de Pontevedra e Ourense. Socialistas e restantes republicanos emprenderon un rexurdimento similar e todos buscaron xuntar forzas diante do que se avecinaba. Dous foron os grandes acordos. Do Pacto de Lestrove, asinado o 27 de abril de 1930, pola ORGA e Alianza Republicana, que naquel momento agrupaba ó Partido Republicano Radical (PRR) de Alejandro Lerroux e a algúns grupos federalistas, naceu a Federación Republicana Galega (FRG), co obxectivo de traer a república e conseguir a autonomía de Galicia. E republicanos, agraristas e nacionalistas asinaron o Compromiso de Barrantes o 25 de setembro coa mesma finalidade. Dalgunha maneira, Casares Quiroga, o único galego presente, representou estas tendencias no Pacto de San Sebastián de agosto, no que sentaron as bases da futura república.

Antes de entrarmos na etapa republicana, convén facer algunha consideración acerca da cuestión nacional na Galicia do primeiro terzo do século XX. Xa vimos como quedara a implantación da nación española na sociedade galega a finais da centuria anterior. Nas tres décadas seguintes prodúcense unha serie de feitos que inciden positiva ou negativamente sobre esa implantación así como verbo da posibilidade de que unha parte significativa cambiase o referente nacional español polo galego. Estes feitos son: a humillación nacional do desastre de 1898, o desenvolvemento do agrarismo e dun movemento obreiro teoricamente internacionalista, a guerra de África, o antimilitarismo popular, a crecente competencia entre o nacionalismo español, por unha banda, e os nacionalismos catalá e vasco pola outra, e por suposto a propia aparición do nacionalismo galego. Malia que aínda queda moito por investigar neste terreo, os estudos parciais que viñemos facendo permiten aventurar algo que pode parecer contradictorio pero que non o é. O nacemento do nacionalismo galego, que se mantén nun estado de debilidade social extrema ata 1931 e crece con rapidez nos anos da República pero sen que lle dea tempo a alcanzar a magnitude suficiente para poñer en marcha un proceso de nacionalización alternativa, non é indicador da debilitación ou retroceso social da nación española en Galicia. Máis ben ocorre o contrario como consecuencia tanto dunha maior politización da sociedade por axentes españolizadores na súa maioría como da maior intensidade e eficacia das políticas nacionalizadoras do Estado. Por iso, a pesar dos esforzos galeguizadores das organizacións nacionalistas, apenas se erosiona a tradicional función de marcador social negativo da lingua e da cultura autóctonas.

REPÚBLICA E AUTONOMÍA

Nas eleccións municipais do 12 de abril, a alianza republicano-socialista venceu claramente ós monárquicos nas cidades da Coruña, Ferrol, Santiago e Pontevedra, e con menos contundencia no conxunto

da provincia da Coruña. Empataron nas cidades de Ourense e Vigo. E gañaron os monárquicos en Lugo capital e nas outras tres provincias. É dicir, no conxunto de Galicia os partidarios do cambio de sistema perderon. Pero, como ocorreu en toda España, a onda de republicanismo urbano bastou para varrer a vella política da noite á mañá. Os herdeiros do “turnismo”, desmoralizados e en desbandada de momento, case non puideron presentar batalla nas eleccións constituíntes do 28 de xuño, cuns resultados que tiveron moito de espellismo. Dos 47 deputados que lle correspondían a Galicia, as dereitas só conseguiron 6, incluído o incombustible Calvo Sotelo no seu feudo ourensán. O que daquela se podía considerar centro republicano, nucleado polo Partido Radical, fíxose con 14. E a maioría, 27, foi para o bloque formado pola esquerda republicana (17), da ORGA, Acción Republicana e Partido Republicano Radical Socialista (PRRS), o PSOE (8) e os nacionalistas (2). Estes últimos pisaban por primeira vez o Congreso dos Deputados, grazas á elección de Alfonso R. Castelao en Pontevedra e de Ramón Otero Pedrayo en Ourense, ós que cómpre engadir ós nacionalistas Antón Villar Ponte e Ramón Suárez Picallo dentro das listas da ORGA na provincia da Coruña.

A gran vencedora da partida en Galicia foi a ORGA e non só polos seus deputados senón porque a inclusión do seu líder Santiago Casares Quiroga no Goberno e a súa boa sintonía con Manuel Azaña lle permitiu facerse co mando dos gobernos civís e as deputacións provinciais, o cal, unido ás alcaldías maiores, converteu esta organización, que pronto cambiou o nome polo de Partido Republicano Galego (PRG), na de maior poder en Galicia durante o primeiro bienio republicano. Un éxito demasiado fulgurante para o que convén procurar unha explicación. Acaso o pobo galego, moldeado nun clientelismo centenario, se volvera demócrata puro da noite á mañá? Sorprendente a primeira vista. Pero non tanto se consideramos a posibilidade de que as bases locais das vellas pirámides do clientelismo pasaran con armas e bagaxes a quen consideraban o posible cabalo vencedor na nova situación. E é que

ás veces para entender a realidade convén investigala por abaixo. Observemos que nos di.

No decurso da miña investigación acerca do nacionalismo tomei a molestia de analizar, mesa electoral por mesa electoral, os resultados das tres eleccións xerais que se realizaron durante a República en tres das catro provincias galegas (non puiden atopar os datos non agregados da de Pontevedra). O sistema electoral da Segunda República, de listas abertas en circunscricións provinciais, favorecía involuntariamente modos de fraude moito máis sutís que o antigo sistema maioritario en circunscricións uninominais ou que no actual de listas pechadas. A observación das cifras oficiais de cada mesa electoral dá con frecuencia tres tipos de resultados sospeitosos, só ou en combinación: unha participación anormalmente elevada (que pode chegar ó 100 %); unha asignación total ou case total dos votos a unha soa candidatura ou a dúas afíns; ou cifras idénticas de votos a candidatos de listas antagónicas nunha converxencia contra natura. Estas anomalías danse case sempre en zonas non urbanas e moi pouco nas urbanas. Segundo os meus cálculos, que publiquei en detalle hai anos, a porcentaxe de votos fraudulentos podía oscilar entre o 31 % dos obtidos polo PSOE na provincia da Coruña en 1931 grazas á súa alianza cos republicanos e o 73 % do PRG na mesma provincia en 1933 ou as porcentaxes algo máis pequenas da Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA) e o Partido Radical en Lugo e Ourense no mesmo ano. Isto indica que a erradicación da fraude electoral só foi certa nas cidades e apenas avanzou fóra delas, polo que na atribución final de escanos competían con desigual fortuna a expresión veraz da vontade política dos cidadáns coas influencias clientelistas das distintas forzas políticas sobre as elites locais e, a través delas, sobre os integrantes das mesas electorais. Se a composición dunha mesa era dunha soa cor, “votaban” todos o mesmo, incluso os moitos emigrados que continuaban a figurar no censo. Se na mesa os había de distintas divisas, a mesma cantidade de votos asignábase ós candidatos principais das distintas listas con afíns na mesa.

Como xa vimos, na fundación da ORGA tivo un peso importante unha parte do nacionalismo galego. Por iso no seu programa figuraba nun lugar destacado a autonomía de Galicia e por iso as iniciativas para conseguila comezaron só tres semanas despois da proclamación da República e antes das primeiras eleccións. Mentres Casares Quiroga andaba ás súas cousas en Madrid, dous ex-irmandiños agora na ORGA, Antón Villar Ponte e Luis Peña Novo, convocaron unha asemblea proestatuto, que se celebrou na Coruña o 4 de xuño. Acudiu unha nutrida representación de entes e partidos, con maioría de republicanos e nacionalistas. Presentáronse catro textos, un deles, máis elaborado, redactado polos nacionalistas do Seminario de Estudos Galegos. Finalmente aprobáronse as bases presentadas pola ORGA, un texto non moi diferente do anterior e baseado no suposto dunha república federal. Pero a constitución do chamado estado integral, aprobada en decembro, faríao inviable ó prever unha descentralización moito máis limitada e de acceso nada sinxelo. Por outro lado, a ORGA, tras o seu espasmo autonomista inicial, comezou a conceder menos importancia á cuestión do autogoberno e máis ós problemas xerais da República, que non eran poucos, en parte porque Casares Quiroga lle gañou o pulso interno ós ex-nacionalistas, que fuxiron case todos a se xuntar de novo cos seus compañeiros de sempre.

Mentres tanto, as formacións nacionalistas, conscientes do moito que se xogaban, decidiron aparcar as súas diferenzas ideolóxicas e rematar coa fragmentación organizativa. Fixérono o 6 e 7 de decembro en Pontevedra converxendo todas na formación do Partido Galeguista (PG), acto que foi un auténtico punto de inflexión na traxectoria do nacionalismo. Por primeira vez dotábase dun partido moderno e de momento unido, que demostrou unha gran capacidade de crecemento, pois en catro anos e medio pasou de 700 a case 6.000 afiliados, duns 30 grupos locais a 150, duns 54.000 votos ós seus candidatos en 1931 a case 300.000 en 1936, e de ter unha base social de clases medias case en exclusiva a contar entre

os seus afiliados cunha relativa maioría de campesiños, empregados, autónomos e mesmo pequenos continxentes de obreiros. Ademais, a súa á democrática e algo prosocialista de contado deixou en minoría o sector católico de dereitas.

Inda que a autonomía que ofrecía a Constitución estaba moi por debaixo das aspiracións do PG, este considerou que mellor era iso que nada e centrou todas as súas enerxías en conseguila. Esta mostra de realismo probablemente se debía a que resultaba bastante evidente a indiferenza cara a autonomía na maioría social e incluso o rexeitamento que inspiraba en boa parte das forzas políticas, e non só nas de dereitas que seguían aferradas a un centralismo teimudo. O Partido Radical e outras forzas republicanas mostrábanse remisos. E idéntica actitude tiña de momento o PSOE, quen en outubro, no congreso da súa federación galega, celebrado en Monforte, refugara o proxecto de estatuto ó tempo que condenaba con dureza o nacionalismo. Se a isto lle engadimos o rápido arrefriamento dos fervores autonomistas da ORGA-PRG, entenderemos que o panorama que se lle presentaba ó PG non era precisamente alentador.

A pesar diso, a teimosía dos nacionalistas fixo que o proceso autonómico galego seguise adiante, aínda que nun principio o fixera a trancas e barrancas. A Minoría Galega do Congreso elaborou un novo proxecto adaptado á Constitución e enviouno ás deputacións para a consulta e distribución ós concellos. Despois duns meses metido nos caixóns provinciais sen que ninguén fixese nada, o PG logrou que o Concello de Santiago tomase a iniciativa e organizase en xullo de 1932 unha asemblea de partidos e forzas vivas; esta aprobou un texto algo reformado que foi sometido a información pública para a presentación de emendas. O teor dalgunhas destas é moi ilustrativo das suspicacias que a autonomía espertaba en certos sectores sociais, especialmente entre os empresarios. Finalmente, do 17 ó 19 de decembro de 1932 celebrouse na Facultade de Medicina de Santiago a asemblea de municipios requirida pola Constitución e alí, quizais para que Galicia non fose menos que Cataluña, o 77,4 % dos municipios, nos que vivía

o 84,7 % da poboación, aprobou un proxecto de estatuto de autonomía. Estas porcentaxes superaban por moito os mínimos constitucionais esixidos. Agora só faltaba que o Goberno convocase o preceptivo referendo para, de superalo, presentarlle o estatuto ó Congreso e, unha vez aprobado alí, que entrase en vigor.

Pero o que parecía máis doado resultou ser o máis difícil. O empeoramento das situacións social e política en España durante 1933 e sobre todo a inconveniencia política de que Galicia accedese á autonomía antes que o País Vasco, que tiña o seu proxecto bloqueado por inconstitucional, levou ó Goberno central a aprazar unha e outra vez a convocatoria con este ou aquel pretexto, para indignación dos nacionalistas que atacaron con dureza a Casares Quiroga e ós seus. E tanto se foi demorando que se cruzaron as segundas eleccións xerais e a situación política cambiou radicalmente. A peor.

Pero a autonomía non era o único motivo de fricción. A chegada da República tamén avivou o movemento obreiro. Tanto a anarquista Confederación Nacional del Trabajo (CNT) como a socialista Unión General de Trabajadores (UGT) ampliaron considerablemente os seus efectivos e a presenza territorial. Tamén aumentaron as folgas e conflitos sociais, entre os que destaca pola súa importancia a de traballadores da pesca e da conserva de Vigo en 1932. Con todo, nin as accións sindicais nin un agrarismo xa lonxe dos seus mellores días tiveron en Galicia unha incidencia comparable á das tensións sociais do resto de España. Tampouco houbo aquí episodios de anticlericalismo violento.

As dereitas, superado o desconcerto inicial, iniciaron pronto a súa reorganización. En xuño de 1931 constituíuse en Santiago a primeira agrupación local da Unión Regional de Derechas (URD), expresión do conservadorismo social-católico. Nos meses seguintes xurdiron grupos homónimos nas principais cidades. En febreiro de 1932 uníronse todos na Unión Regional de Derechas de Galicia, única formación galega que participou en marzo de 1933 na fundación da Confederación Española de Derechas Autónomas (CEDA). Había

tamén outros partidos menores do centro-dereita á extrema dereita, incluída claro está a monárquica Renovación Española (RE) de Calvo Sotelo. Menos importancia terá despois a sección galega da Falange Española (FE), fundada en Vilagarcía de Arousa en 1934 e moi circunscrita inicialmente a universitarios e mozos de clase media.

As eleccións de novembro de 1933 trouxeron un rotundo triunfo das dereitas e do republicanismo centralista do Partido Radical. Este obtivo 16 deputados, a CEDA 12, os partidos de centro 7 e ata a extrema dereita de RE, cos seus 8 escanos, situouse por riba do conxunto da esquerda, que houbo de conformarse con 6 conseguidos polo PRG. Socialistas e nacionalistas quedaron sen representación en Madrid. Pero estes últimos, cos seus 120.000 votos, aumentaron moito os seus apoios respecto a 1931, incluso descontando o efecto da duplicación do censo electoral pola estrea do voto feminino. E non só iso, senón que nas provincias da Coruña e Pontevedra, as máis importantes demográfica e politicamente, superaron ó PSOE e situáronse como a segunda forza do centro esquerda, por detrás do PRG. Estaba claro que o Partido Galeguista era xa un sumando necesario nunha futura alianza destinada a derrotar as dereitas en Galicia.

Polo demais, os novos gobernos, baseados na difícil alianza do Partido Radical e a CEDA, fixeron en Galicia o mesmo que en todas partes: depuraron de republicanos deputacións e concellos, nos que colocaron persoal adicto, mostraron unha crecente intolerancia cara os dereitos democráticos da oposición e conxelaron o proceso autonómico. A chamada Revolución de Outubro de 1934 tivo en Galicia ecos menores, a pesar da proximidade ó seu epicentro asturiano. Pero o goberno radical-cedista non fixo distincións e aproveitou a ocasión para reprimir a conciencia censurando ou pechando publicacións, clausurando locais, prohibindo reunións e arrestando ou desterrando algúns dirixentes. Por exemplo, Alfonso Castelao e Alexandre Bóveda, os dous líderes principais do PG, que nada tiñan que ver cos sucesos de outubro, foron enviados a Badajoz e Cádiz respectivamente mediante senllos traslados forzosos como funcionarios.

Esta ofensiva antidemocrática e antiautonomista convenceu a toda a oposición da necesidade de unirse fronte ó inimigo común e de reformular algunhas actitudes. Os republicanos de esquerda recompuxéronse en dúas novas formacións, Izquierda Republicana (IR) e Unión Republicana (UR), cuns programas nos que aparece por primeira vez o recoñecemento de que a autonomía das rexións era importante para a supervivencia da República. Ó PSOE custoulle algo máis asumir este autonomismo sobrevido, pero tamén o fixo. En Galicia, a dirección do PG, que procurara non tomar partido no preito esquerdas-dereitas para preservar os seus equilibrios internos, comprendeu que o desaloxo das dereitas do poder era condición necesaria para conseguir a autonomía. Así que iniciou unha viraxe cara a esquerda na súa política de alianzas, aínda que isto acaboulle custando dúas pequenas escisións pola dereita. O feito é que durante 1935 foron progresando os achegamentos. O PG cesou nas súas críticas a Casares Quiroga pola súa suposta desidia na cuestión do Estatuto. Castelao e Bóveda negociaron con Izquierda Republicana de Manuel Azaña, que absorbera o PRG, e por esa vía acabou entrando no Frente Popular coa condición de que, no caso de vitoria, se convocaría sen dilacións o referendo do estatuto e todos os coligados farían campaña polo si.

As eleccións de febreiro de 1936 trouxeron en Galicia unha vitoria por pouco do Frente Popular, que obtivo 26 deputados contra 13 do Bloque Nacional, 1 do Partido Radical e 9 dun centro montado para a ocasión por Manuel Portela Valladares. Dentro dos gañadores, os nacionalistas recuperaron os seus catro deputados de 1931, os socialistas sacaron cinco e ata os comunistas tiveron o seu primeiro deputado galego. O resto, a parte do león, foi para os republicanos. E no bando contrario, son de salientar os cinco deputados que conseguiu Calvo Sotelo. Naturalmente, o novo goberno apresurouse a cambiar gobernadores civís, deputacións provinciais e concellos, sen que mediaran eleccións locais. Cousas da convulsa democracia republicana.

E esta vez cumpriuse o compromiso adquirido no relativo á autonomía galega. Convocouse o referendo para o 28 de xuño e todos os partidos da coalición gañadora participaron, con máis ou menos entusiasmo pero disciplinadamente, na intensa campaña a favor do si ó Estatuto. O día sinalado votou o 74,5 % do censo electoral e, segundo os resultados oficiais, pronunciouse a favor un sospeitoso 99,05 %. Días despois, unha comisión de deputados galegos desprazouse a Madrid para entregarlle oficialmente o Estatuto ó presidente da República e ó Congreso coa finalidade de que este lle dese trámite parlamentario e puidese entrar en vigor. Pero a sublevación militar do 18 de xullo de 1936 interrompeuno todo. E por se fose pouco, en poucas semanas Galicia quedou na “zona nacional” e descendeu sobre as súas xentes a que o poeta Celso Emilio Ferreiro chamaría moitos anos despois *a longa noite de pedra*.

A LONGA NOITE DE PEDRA

*Hable bien. Sea patriota – No sea bárbaro.
Es de cumplido caballero que Vd.
hable nuestro idioma oficial o sea el
castellano. Es ser patriota. VIVA ESPAÑA
Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO IDIOMA
CERVANTINO. ¡¡ARRIBA ESPAÑA!!*

Así rezaba un folleto distribuído polos franquistas coruñeses en 1942. Cinco séculos despois, retornaba a “doma e castración”, e non só de Galicia, para retroceder, e moito, en todos os aspectos.

A POSGUERRA: SILENCIO OU EXILIO

Nos primeiros días posteriores ó 18 de xullo de 1936 os partidos galegos agrupados na Fronte Popular intentaron conter a sublevación, pero as autoridades republicanas negáronse a entregarlles armas. Polo tanto foi moi doado para os militares conxurados, falanxistas e monárquicos derrocar os poderes lexítimos tras breves episodios de resistencia. Nun par de semanas os “nacionais” controlaban totalmente Galicia. Nin a rapidez dunha vitoria practicamente sen baixas nin o feito de que os anos anteriores non houbera aquí violencia contra as dereitas e os curas coma noutros territorios induciu unha actitude xenerosa nos vencedores. Todo o contrario. Durante o resto do verán os partidarios da República foron sometidos a unha persecución cruel e sistemática. O proxecto *Nomes e Voces* documentou en Galicia 1.466 execucións de sentenzas de morte en consellos de guerra e 3.233 asasinatos extraxudiciais entre 1936 e 1939, ós que hai que sumar moitos máis condenados a penas de prisión. Nos primeiros momentos o obxectivo foi descabezar o bando contrario. Foron

asasinados, entre moitos outros, os catro gobernadores civís, os alcaldes de Vigo, Santiago, Ferrol, Sarria e Lalín, os líderes políticos Heraclio Botana (PSOE), Alexandre Bóveda (PG) e Benigno Álvarez (PCE) e os poucos xefes militares leais á República coma o xeneral Rogelio Caridad ou o xefe do Arsenal de Ferrol, Antonio Azarola. Despois, co país controlado, fíxose unha caza completa de cadros medios e militantes significados coa axuda das milicias falanxistas e das delacións dalgúns curas e de particulares.

Mais a limpeza non se limitou ás esquerdas. Anque con menos dureza, tamén chegaron a aqueles que, aínda sendo conservadores e mesmo moi católicos, se mantiveran fieis á legalidade republicana e non se sumaran ó alzamento. Estes non ían a prisión, pero sufrían o desterro con ou sen expropiación dos seus bens, ou a depuración administrativa. Tal foi, por exemplo, o caso do galeguista Ramón Otero Pedrayo, separado da súa cátedra durante anos. Como tantos outros, porque a depuración masiva das administracións públicas e de empresas consideradas estratéxicas, como o ferrocarril, foi fundamental para asentar o novo réxime sobre bases totalmente fiables. Soamente despois de erradicar toda a oposición e liquidar os últimos maquis, que tamén os houbo en Galicia, a presión da ditadura, sempre vixiante, amainou algo no comezo da década de 1950.

Esta represión non só buscaba destruír ata a raíz partidos e sindicatos, senón sementar entre a poboación un terror paralizante que acabase con calquera vontade de resistencia no presente e no futuro. E foi moi eficaz porque conseguiu plenamente o seu obxectivo durante máis de vinte anos. De momento era un aviso do que lle esperaba a toda España se os sublevados gañaban a Guerra Civil.

Un dos principais elementos definidores do Alzamento Nacional, aparte do seu carácter reaccionario e filofascista, era un españolismo radical e totalmente intolerante, non só cos nacionalismos alternativos, senón tamén con calquera lingua diferente da castelá. Galicia foi a primeira en comprobalo. Tamén foi unha das primeiras en probar o mel do caudillismo e en agradecemento ó seu fillo

providencial agasalouno co Pazo de Meirás, antiga casa dos Pardo Bazán, adquirido mediante subscripción “popular” forzosa.

Pero a represión, pese a todo, non foi capaz de acabar totalmente coa oposición interior á ditadura. Algúns conseguiron escapar á persecución en cidades e vilas. Foron os *fluxidos*, que se agocharon nos montes. De aquí naceron as guerrillas antifranquistas, os maquis, poucas e mal organizadas durante a Guerra Civil. Acabada esta, e sen un país estranxeiro ó que poder escapar con facilidade, pois a ditadura portuguesa non era precisamente acolledora, os maquis adquiriron maior impulso, en parte pola política do Partido Comunista de España (PCE) nestes anos, en parte pola esperanza de que o triunfo dos aliados na Segunda Guerra Mundial acabaría tamén co réxime de Franco. Porén, dende 1946 quedou claro que os Estados Unidos non ían mover un dedo contra a ditadura española, así que o PCE acabou renunciando á loita armada e a Garda Civil foi liquidando as guerrillas galegas unha tras doutra. En marzo de 1952, a detención do mítico *Foucellas*, que xa levaba tempo sobrevivindo só no monte, e a súa posterior execución a garrote vil, marcaron o definitivo punto final deste tipo de resistencia.

En canto ós partidos políticos, a súa desarticulación só deixou en pé uns minúsculos grupos clandestinos que, con gran risco de seren descubertos pola policía, se limitaban a manter viva a relación entre os seus membros, a axudar cando podían a algún compañeiro en apuros e a esporádicos e moi difíciles contactos coas organizacións do exilio. As moi duras condicións nas que tiña lugar esta mínima actividade e o feito de que en 1946 fosen detidos os encargados das relacións co exterior levaron ás organizacións socialistas, republicanas e anarquistas do interior a extinguirse. Os comunistas lograron sobrevivir, se ben reducidos ó mínimo. Os nacionalistas mantiveron tamén nos primeiros anos unha diminuta estrutura que participou nos intentos de reorganización unitaria da oposición. Pero o encarceramento de Ramón Piñeiro, encargado dos contactos co exterior, fixo que o Partido Galeguista deixara de dar sinais de vida.

A saída de prisión de Piñeiro en 1949 e o seu establecemento en Santiago con dedicación exclusiva ás actividades do grupo trouxeron un drástico cambio de estratexia. Abandonouse toda actividade política para centrarse na preservación e difusión dun galeguismo mínimo pola vía cultural. Con tal fin fundaron en 1950 a editorial Galaxia e pouco despois, cando llo permitiu a censura, a revista *Grial*.

Os galegos demócratas que tiveron a sorte de non encontrarse en Galicia o 18 de xullo, como os deputados que estaban en Madrid ou os que ocupaban cargos políticos en diferentes lugares de España, loitaron do lado da República. Son de destacar o comunista Enrique Líster, organizador do Quinto Regimiento, e o nacionalista Alfonso Castelao coas súas denuncias da barbarie “nacional” nos seus álbums *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*, e as súas viaxes pola URSS, Cuba e Estados Unidos para recoller axudas para a República. En marzo de 1939 todos marcharon ó exilio, primeiro a Francia e Inglaterra, despois a maioría a América. Dos que estaban atrapados en Galicia, só uns poucos puideron fuxir ó estranxeiro.

Case todos colaboraron na tarefa de manter vivas as institucións republicanas no exilio. Os nacionalistas, e sobre todo Castelao, impuxéronse ademais outro obxectivo: que as Cortes republicanas aprobasen o Estatuto, co que Galicia quedaría institucionalmente equiparada a Cataluña e Euskadi. Castelao xa conseguira cubrir un primeiro trámite na última sesión das Cortes celebrada en territorio español, en Montserrat, camiño do exilio. Pero a aprobación definitiva non chegaría ata a reunión celebrada en México en 1945.

Mentres tanto, a única nota diferenciada do exilio galego foi a actividade dos nacionalistas, moi centrada no Río da Prata dende a chegada de Castelao a Bos Aires en xuño de 1940. Ata a súa morte dez anos despois, levou a cabo unha actividade incesante para manter vivo o nacionalismo organizado e agrandar o peso político de Galicia dentro do exilio republicano. Con ese fin dirixiu a Irmandade Galega, que reiniciou en 1942 a publicación de *A Nosa Terra*; xunto cos deputados nacionalistas e algún republicano creou en 1944 o

Consello de Galiza, sucedáneo dese goberno galego que non dera tempo a constituír en 1936; publicou en 1944 *Sempre en Galiza*, o gran testamento ideolóxico da súa xeración; promoveu en 1945 a revista *Galeuzca*, que pretendía afirmar as alianzas cos vascos e cataláns; formou parte en 1946 do goberno republicano presidido en París por José Giral; e mantivo unhas relacións, ás veces conflictivas, cos restos do nacionalismo que quedaban en Galicia. Pero a partir dos anos 1946-1948, cando se fixo evidente que a ditadura de Franco tiña moitos anos por diante, a vitalidade política do exilio galego foi decaendo, e máis aínda tras a morte de Castelao en 1950.

DA AUTARQUÍA Ó DESENVOLVEMENTO

Durante os quince primeiros anos de ditadura hai un retroceso económico que anula os avances do primeiro terzo do século. A reruralización devolve a porcentaxe de ocupados no sector primario a valores de finais do século XIX sen que por iso aumente a produción agropecuaria, que non recuperará os niveis de antes da guerra ata mediada a década de 1950. Por outra parte, a poboación segue medrando aínda que lentamente, co agravante de que a tradicional válvula de escape da emigración está cerrada de momento. Máis bocas que alimentar e menos con que alimentalas é o terrible binomio que explica a extrema dureza das condicións de vida da posguerra para a maioría: escaseza de todo e racionamento severo dos alimentos básicos, mercado negro, repunta da mortalidade e de enfermidades (especialmente a tuberculose) provocado pola desnutrición e por unha rede sanitaria anticuada e medio destruída. Só se salvan destas desgrazas os ricos e os vencedores: oficiais e altos funcionarios, eclesiásticos, xerarcas do Movimiento Nacional, burgueses e estraperlistas ó por maior. Esta penuria foi especialmente aguda ata 1945 por canto o Estado non só non podía importar o que faltaba, senón que detraía unha parte non pequena de alimentos e materias primas (coma o volframio galego) para entregarllos á Alemaña nazi

como compensación pola axuda recibida durante a Guerra Civil. A situación empezou a aliviarse algo, pero non moito, tras o final da guerra mundial, tanto porque o escape migratorio empezou de novo pouco a pouco como pola progresiva normalización do mercado.

Nesta primeira xeira empeza a perfilarse xa o papel que a ditadura asignaría a Galicia dentro da economía española. En primeiro lugar, a indiferenza cara o seu sector primario, que contrastaba coa protección a trigueiros e aceiteiros do interior. En segundo lugar, a potenciación da produción de enerxía e materias primas para as que o país mostraba evidentes vantaxes comparativas. Fórzase a reforestación dos montes para alimentar as industrias madeireiras e de pasta de papel. E dáselle un gran pulo ó sector hidroeléctrico. A construción de presas e centrais iníciase a finais dos anos 40 e continúa a bo ritmo ata os anos 70. Xa en 1952 a produción de electricidade é 12 veces superior á de antes da guerra e dez anos despois o índice multiplicador chega a 40. Con todo, esta enerxía, da que se exportaba máis do 70 %, non fomentaba a industrialización de Galicia, senón a dos polos de desenvolvemento de Madrid, Cataluña e País Vasco. Pero si xerou uns poucos grupos económicos de peso, e moi en particular o do tándem Banco Pastor-FENOSA, dominado pola familia Barrié de la Maza, descendente daquel francés que se afincou na Coruña case dous séculos antes. O sector público tamén fixo algúns investimentos, como a fábrica de Celulosa de Pontevedra (1956) ou a Empresa Nacional Bazán (1947) en Ferrol. No sector privado, aparte das conserveiras e os pequenos e medianos estaleiros que viñan de atrás, os irmáns Fernández crearon en 1939 a química Zeltia, que co seu famoso ZZ acabou coas chinchas en toda España, e en 1960 Pescanova, chamada a ser líder mundial en transformados de pesca; e o Banco Pastor promoveu a construtora naval ASTANO en 1944 que pasaría ó sector público en 1971. Pero estas excepcións non impedían que cara a 1960 Galicia fose un país subdesenvolvido incluso respecto da media española.

As grandes transformacións prodúcense a partir desta data. A agricultura e a gandería volven á senda modernizadora dos anos 20 e 30. O réxime, ante o rápido aumento das necesidades de abasto das zonas de maior expansión urbana e industrial, favorece a produción especializada en leite e carne destinadas ó mercado. Deste modo, o campo galego, sen cambiar as súas estruturas minifundistas, vai entrando, en posición subordinada, nos circuitos da economía capitalista. Isto esixía tamén melloras técnicas, sempre a cargo do campesiño, das que é boa mostra a rápida expansión do parque de tractores, que pasa de 872 en 1962 a 63.869 en 1982, e en termos relativos do 0,94 % ó 11,18 % do total de España.

O modelo de industrialización segue as mesmas pautas que na etapa anterior, pero aumenta considerablemente a súa intensidade grazas ó efecto de arrastre do desenvolvemento español e á apertura ó capital estranxeiro. Non obstante, a maioría das novas industrias de gran tamaño, sexan públicas ou privadas, producen enerxía ou materias primas (Petrolíber, térmicas de Meirama e As Pontes, Alúmina-Aluminio) e xeran poucos postos de traballo en proporción ó capital investido. Hai dúas excepcións que crean senllos focos separados de alta concentración industrial e obreira, pois as empresas de cabeceira rodéanse dun gran número de industrias auxiliares: Citröen-Hispania en Vigo e a ampliación dos estaleiros ferroláns. A primeira, inaugurada en 1958 e cun crecemento continuo ata hoxe, é un dos grandes piares da industria galega dende a súa fundación. Os segundos coñecen un auxe moi rápido, favorecidos pola demanda de grandes petroleiros, pero decaerán despois, primeiro polo cambio de conxuntura do mercado mundial e despois pola reconversión naval consecuencia da entrada de España no Mercado Común.

Esta industrialización, unida ó conseguinte crecemento dos servizos públicos e privados, cambia considerablemente a distribución da poboación activa. O sector primario pasa do 73 % en 1940 ó 50 % en 1970, cifra esta que é aínda o dobre da media española. A industria aumenta do 10,9 % ó 23,6 % e os servizos do 16 %

ó 26,4 % entre as mesmas datas. Aínda así, Galicia segue cunhas estruturas produtivas que, no que se refire ó primeiro mundo, son máis propias de finais do século XIX que do último cuarto do XX. E este subdesenvolvemento relativo volve ser a causa da segunda emigración masiva da historia de Galicia, con cifras que mesmo superan ás da primeira. Calcúlase en 580.000 o saldo emigratorio neto entre 1941 e 1970, moi concentrado no período 1955-1970. Aínda que a poboación crece algo en termos absolutos, continúa o retroceso da súa participación no conxunto español, que pasa do 9,60 % en 1940 ó 7,60 % en 1970. Os fluxos migratorios diversifícanse respecto de antes da guerra, pois a emigración ultramarina, aínda que continúa, perde peso relativo respecto da europea (Suíza, Alemaña, Francia, Reino Unido) e da de dentro da península (Cataluña, País Vasco, Madrid). En todo caso, unha vez máis o país vese privado dunha parte importante do seu potencial demográfico, laboral e intelectual.

O NOVO ANTIFRANQUISMO

Ó comezo da década de 1960 varios feitos estimulan o nacemento dunha nova oposición á ditadura: o arrinque do desenvolvemento económico, a tímida liberalización relativa do réxime e sobre todo a chegada á maioría de idade dunha xeración que non sufría o terror que apreixaba ós seus maiores, ó non ter vivido a guerra e a posguerra. As folgas asturianas de 1962 e a fundación de Comisións Obreiras (CC OO) auspiciadas polo PCE abren a rápida expansión do movemento obreiro, ó que segue o estudantil que se inicia en 1963 e 1965 en Madrid e se espalla ás demais universidades. En xuño de 1962 ten lugar o chamado Contubernio de Múnic, intento frustrado de reunificar por arriba as diferentes tendencias contra o franquismo de centro-dereita e centro-esquerda que, pese ó que veñen dicindo os seus exexetas, tivo unha repercusión menor no interior.

O mapa ideolóxico desta reactivación política era moi diferente ó de antes da guerra. A dureza da ditadura que esixía un compromiso moi

radical para soportar as condicións da acción clandestina, a fascinación que exercían sobre a mocidade as revolucións coetáneas (China, Cuba, Alxeria, Vietnam etcétera), a aparente solidez do xigantesco bloque de países que se supoñían comunistas e o feito de que o PCE fose o único partido que mantivera unha mínima resistencia organizada en todo momento sumáronse para xerar a primacía das ideoloxías marxistas ou marxistas-leninistas en ambos movementos. En cambio, as opcións liberal-demócratas, social-demócratas e anarquistas, maioritarias no bando republicano da década de 1930, tiñan agora unha presenza moi débil. Esta mutación ideolóxica dábase tamén nos nacionalismos subestatais, aínda que nos casos catalán e vasco había un grao de continuidade algo maior nos seus sectores de centro.

En Galicia, coma no resto de España, a forza hexemónica da esquerda era o PCE e as súas Comisións Obreiras (CC OO), constituídas aquí en 1967. Un ano despois, a sección galega do PCE converteuse no Partido Comunista de Galicia (PCG), aínda que a súa autonomía respecto da matriz española foi sempre máis teórica que real. Anos despois apareceu, con moita menos forza que o PCE, o Movemento Comunista de Galicia (MCG), filial do MCE, cuxa acción sindical se desenvolvía tamén no seo de CC OO. En canto ós socialistas, divididos entre o PSOE, os partidarios de Tierno Galván e outras faccións, os seus efectivos en Galicia ata 1975 foron menos que testemuñais, ó igual que os da UGT. Había por último unha miríade de siglas de extrema esquerda e forza mínima —PCE(i) (Partido Comunista de España (Internacional)), LCR (Liga Comunista Revolucionaria), PTE (Partido del Trabajo de España), ORT (Organización Revolucionaria de Trabajadores)— cuxa incidencia era insignificante.

O nacionalismo galego resurxiu en 1963-1964, e moi cambiado. A maioría dos mozos ós que Ramón Piñeiro e os seus adoutrinaran nos 50 acabou por rexeitar a súa abstención da política e unha parte tamén o seu antimarxismo. En 1963-1964 naceron dous partidos: a Unión do Povo Galego (UPG), marxista-leninista e moi influída polos movementos de liberación nacional do Terceiro Mundo, oscilaba entre

o confederalismo e o independentismo; e o Partido Socialista Galego (PSG), imitador ó principio da socialdemocracia europea, derivou cara 1970, seguindo a evolución do seu líder, o mozo Xosé Manuel Beiras, cara a un marxismo que se quería á vez revolucionario e democrático e que, respecto á cuestión nacional, propoñía para España unha república federal previo exercicio do dereito de autodeterminación das súas nacións. Ata 1975 ambas as formacións creceron pouco, aínda que algo máis a UPG, e a súa base social estaba case toda na universidade entre os *white collars* radicalizados, especialmente no ensino e a sanidade. En todo caso, eran suficientemente activas para condicionar as actitudes do resto da oposición respecto da cuestión nacional.

O certo é que, a pesar das profundas diferenzas e as frecuentes rifas a cara de can entre o nacionalismo de esquerda (de momento o único organizado) e a esquerda “estatal”, a loita común contra a ditadura crea un campo de encontro, inexistente na década de 1930, polo que as esquerdas non nacionalistas actúantes en Galicia asumen símbolos (bandeira, himno, día nacional) e parte das reivindicacións (autodeterminación con saída federal) que antes foran exclusivas dos nacionalistas. En todo caso, a negativa de Ramón Piñeiro e do grupo Galaxia a reactivar o Partido Galeguista privaba ó conxunto do nacionalismo dunha forza de centro democrático que sintonizase coas aspiracións políticas dunha parte fundamental da sociedade e que achegase ademais o activo de lexitimidade histórica que só esas siglas podían dar. As consecuencias desta carencia serán de longo alcance tanto na transición como no devir da Galicia autónoma.

Esta esquerda dirixiu algunhas accións importantes no tardofranquismo, como as protestas labregas pola construción do encoro de Castrelo do Miño en 1965, os sucesos de abril de 1968 na Universidade de Santiago que inauguraron un movemento estudantil *in crescendo* durante os anos seguintes, a folga dos estaleiros ferroláns que se saldou o 10 de marzo de 1972 con dous obreiros mortos e numerosos feridos, ou a folga xeral de Vigo do mesmo ano que mantivo a cidade semiparalizada durante semanas.

A TRANSICIÓN EN GALICIA

O atentado mortal contra Carrero Blanco o 20 de decembro de 1973, que na miña opinión marca o comezo do tránsito da ditadura á democracia, actuou de revulsivo político pois fixo presumir á maioría que o final do réxime estaba moi próximo. Nesas datas a parte dereita do espectro político seguía monopolizada polos políticos da ditadura, fosen ou non partidarios de reformas. O centro estaba baleiro de momento pois, aínda que non faltaban pequenos grupos de mentalidade democristiá ou liberal-democrática, non existía ningunha organización nesas coordenadas, aínda que isto cambiaría rapidamente tras a morte do ditador. Polo tanto, o antifranquismo organizado estaba todo na esquerda e na extrema esquerda, uns encadrados no nacionalismo, outros como seccións galegas de forzas de ámbito español. Cada paso da reorganización da oposición en España tivo ó pouco tempo a súa correlación en Galicia. E así, en marzo de 1975 constituíuse en Viana do Castelo (Portugal) a Xunta Democrática de Galicia, promovida polo PCG. A UPG reaccionou creando en xullo a Asamblea Nacional-Popular Galega (AN-PG), fronte patriótica pensada para agrupar a todas as organizacións políticas, sindicais e culturais do nacionalismo. Pero o PSG, ligado a outros partidos afíns do resto de España na Federación de Partidos Socialistas, negouse a aceptar esa hexemonía e, tras algunhas vacilacións iniciais, acabou por non entrar na AN-PG. A pesar diso, esta mostrouse moi activa promovendo numerosas mobilizacións no campo e na cidade, o que trouxo consigo un crecemento notable dos seus efectivos. Simultaneamente produciuse o primeiro intento de resucitar o galeguismo de centro coa fundación en xullo de 1975 do diminuto Partido Galego Social Demócrata (PGSD).

Naturalmente, a morte de Franco o 20 de novembro de 1975 acelerouno todo. Abriáanse tres opcións: a continuidade da ditadura máis ou menos maquillada; a ruptura preconizada polas esquerdas, que implicaba abrir un proceso constituínte *ex novo* e

a depuración de responsabilidades dos grandes beneficiarios do réxime; ou unha reforma pactada para unha transición suave cara a unha democracia representativa sen axuste de contas e con algúns elementos herdados (por exemplo, a monarquía e o aparello represor). A teimosía continuísta do goberno de Arias Navarro cedeu durante os primeiros meses a iniciativa política ó combinado de esquerda estatal e nacionalismos subestatais que avogaba, na súa maior parte, por unha república federal.

Nesta liña as dúas plataformas promovidas respectivamente polo PCG e o PSOE converxeron o 13 de xullo de 1976 na Táboa Democrática de Galicia. A Táboa acabaría aceptando no seu momento a transición, como a súa irmá maior en Madrid. O nacionalismo xa montara a súa propia plataforma en xaneiro de 1976, o Consello de Forzas Políticas de Galicia, integrado pola UPG, o PSG e o PGSD máis dous engadidos non estritamente nacionalistas: o Partido Carlista de Galicia e o Movemento Comunista de Galicia. O primeiro era puramente anecdótico pero o segundo tiña entón unha afiliación e unha presenza sindical non desprezables. Os reiterados esforzos da UPG para que todos se encartaran ós seus criterios e as súas esixencias de que o PSG abandonase a Federación de Partidos Socialistas e o MCG saíse de Comisións Obreiras para participar na construción dun sindicato nacionalista, entón nos seus comezos, acabaron provocando unha grave crise en novembro e a desaparición do Consello de Forzas Políticas Galegas (CFPG) meses despois. Con todo, na súa curta vida, o CFPG polo menos pariu un documento, as *Bases Constitucionais*, que serían o referente programático básico do nacionalismo nos anos seguintes. Esas bases, en total sintonía coa “ruptura”, partían da autodeterminación da nación galega para esbozar unha estrutura máis confederal que federal do Estado español e levaban anexo un programa de profundas transformacións socioeconómicas en modo socializante. A pesar das súas agudas diferenzas noutros aspectos, as tres forzas principais do CFPG (UPG, PSG e MCG) mantivéronse fieis a esa formulación despois da desaparición do Consello, co que rexeitaron

o pacto da transición e, en consecuencia, quedaron descolgadas do proceso constituínte e do seu corolario, o proceso autonómico.

A escala estatal, a iniciativa cambiou de mans a partir de xullo de 1976, coa defenestración de Arias Navarro e a chegada de Adolfo Suárez á xefatura do goberno por nomeamento rexio. Como sabemos, Suárez propuxo unha reforma política que incluía unha democracia representativa algo recortada a partir da transformación legal, e parcial, do réxime anterior e conseguiu que as Cortes franquistas se suicidasen aprobando esa lei orgánica que como tal había ser sometida a referendo. E aínda que este tivo lugar nunhas condicións non homologables ás dunha verdadeira democracia, tampouco resultou a farsa total que este tipo de consultas foran durante a ditadura. A oposición antifranquista apostou pola abstención ou o non. E perdeu por goleada. En Galicia e en España. E aínda que seguro que houbo moito de fraude nese 94 % de sis cunha participación do 77 %, en certa medida estes resultados, vistos á luz dos comicios posteriores, eran un primeiro aviso de cales podían ser os pesos relativos das diferentes actitudes políticas no seo da sociedade. En todo caso, a consulta do 15 de decembro de 1976 fixo imposible a opción continuísta. Nos meses seguintes, Suárez e os seus empregáronse a fondo para anular tamén a da ruptura, con todos baixo a espada de Damocles dun golpe militar que os devolvería ó punto de saída, ou máis atrás. Pero Suárez conseguiu, por unha banda, que os militares se deixasen enganar coa legalización do Partido Comunista e, por outro, que a esquerda e o groso dos nacionalismos subestatais renunciasesen á república, federal ou non, ó dereito de autodeterminación, ó axuste de contas cos criminais da ditadura e ata á reparación das súas vítimas. Vencía a terceira opción, a tan encomiada transición, que alumou o estado das autonomías e restaurou a monarquía. Había vía libre para convocar as primeiras eleccións democráticas.

Simultaneamente íanse formando os partidos políticos que serían decisivos no presente e o futuro de Galicia. Os da dereita, Alianza Popular (AP), e centro-dereita, Unión de Centro Democrático (UCD),

construíron os seus alicerces cos materiais de derriba reciclables do antigo réxime, como en todas partes. O de centro-esquerda, o PSOE, fíxoo con recentemente chegados e con cadros procedentes doutros partidos de esquerda, especialmente do PSG e do PCG.

O caso de Alianza Popular resulta algo sorprendente. O protagonismo de Manuel Fraga Iribarne nos primeiros intentos de reforma do réxime, antes da morte do ditador, e a cantidade e a calidade dos seus amigos políticos na súa rexión natal permitían pensar que Galicia sería o gran bastión de AP desde o principio. Con todo, non foi así. O fino olfacto político dos principais ex-franquistas galegos indicoulles que as circunstancias requirían unha opción máis centrada e máis claramente democrática. E nesa liña, José Luis Meilán Gil, significado membro do Opus Dei e antigo axudante de Carrero Blanco, creou en agosto de 1976 na provincia da Coruña o Partido Galego Independente (PGI), que se integraría axiña na UCD. Tamén o faría coas súas respectivas clientelas provinciais Pío Cabanillas, tantos anos fiel axudante de Fraga desde os tempos do Ministerio de Información, en Pontevedra; Antonio Rosón, dunha das familias con máis prosapia franquista de Galicia, en Lugo; e Eulogio Gómez Franqueira, que tiña a provincia nun puño a través das cooperativas avícolas (COREN) e a Caixa de Aforros, en Ourense. Deste modo, UCD converteuse da noite á mañá na gran forza política de Galicia e AP, a pesar de Fraga, viuse relegada de momento a un papel moi secundario.

No tocante ó PSOE, apenas existía en Galicia en 1975. Pero o seu crecemento foi vertixinoso, alimentado por dúas vías que se potenciaban mutuamente: o efecto chamada que tivo, desde a renovación de Suresnes, a clara opción de futuro que representaba e que se difundía con gran eficacia a través dos medios de comunicación; e as posteriores crises do PSG, escindido entre a súa alma socialista-federalista e a súa alma nacionalista, e do PCG, que non puido aguantar unido os primeiros fracasos electorais. Un e outro encheron nos primeiros tempos os baleiros cadros de mando do PSOE

en Galicia. E con eses vimbios faríase o cesto da autonomía, porque, ó contrario do ocorrido nos anos 30, o nacionalismo galego, por aquilo de que lle parecía pouca, terá na súa xestación un papel de mero personaxe secundario aferrado ó seu proxecto autodeterminista e contumaz na súa negativa para adaptalo ós cambios políticos reais.

O resultado das eleccións do 15 de xuño de 1977, que abriron *de facto* o proceso constituínte, destruíu moitos espellismos, tamén en Galicia. A maior parte da cidadanía permanecera calada ata ese día, creando co seu silencio a ilusión de que quen máis protestaban nas rúas, as aulas ou as fábricas eran maioría da sociedade. Pero non o eran. Polos motivos que fosen, o electorado premiou as variantes máis moderadas dentro de cada bando, quizá porque ofrecían mellor garantía dun tránsito pacífico cara á liberdade e a democracia, aínda que esta fose imperfecta coas súas concesións ós epígonos da ditadura. E castigou os máis radicais, a esquerda e dereita, polo perigo que entrañaban de repetir un enfrontamento civil que case ninguén quería. Por iso en Galicia quen máis loitaran contra o franquismo (comunistas e nacionalistas) foron condenados á condición de extraparlamentarios, e quen case non fixeran nada (socialistas) e eran beneficiarios recentes do réxime anterior (aliancistas e centristas) erguéronse co santo e coa esmola, especialmente os centristas que enviaron a Madrid nada menos que 20 dos 27 deputados galegos. O PSOE tívose que conformar con tres e os de Fraga con catro.

O nacionalismo pagou moi cara a súa división en tres listas. O tándem UPG-ANPG, aínda non legalizado, presentouse como agrupación de electores co nome Bloque Nacional-Popular Galego (BNPG) e obtivo un resultado mínimo, algo menos mesmo que o PSG e que a coalición entre as dúas pequenas formacións de nacionalismo moderado, a democristiá Partido Popular Galego (PPG) e a social-liberal PGSD. En total, 72.982 votos, un 6,4 %, repartidos entre as tres a partes case iguais. E o mesmo cabe dicir dos comunistas, cos seus 34.188 votos, aínda que estes polo menos podían influír en Galicia a través do seu sindicato (o maior de todos nese momento) e en España

mediante os seus irmáns políticos. En cambio, o nacionalismo quedou totalmente descolgado dun proceso constituínte, que a súa esquerda se limitou a rexeitar por espurio e o seu feble centro-dereita tivo que contemplar dende a distancia.

Durante o debate constitucional as restantes forzas políticas galegas seguiron ó pé da letra as posturas dos seus maiores en Madrid. Ó final, todos apoiaron a Constitución, agás o groso dos nacionalistas e as marxinais extrema esquerda e extrema dereita españolas. Polo tanto, os resultados do referendo do 6 de decembro foron en Galicia similares ó conxunto de España, coa única excepción dunha abstención moito máis elevada, que só nunha pequena parte pode atribuírse á oposición do nacionalismo.

A aprobación da Constitución fixaba o modelo de estado. En relación coa cuestión da autonomía viñeran manifestándose en Galicia dende 1976 tres actitudes. A dereita de AP quería, coma en toda España, a continuidade do centralismo estatal de sempre aliviado, todo o máis, cunha descentralización administrativa. O groso do centro e a esquerda estatal estaban dispostos a aceptar a recuperación do Estatuto de 1932-1936 ou algo semellante. E o nacionalismo de esquerdas, o único con certa forza organizada, seguía rexeitando o pacto fundamental en nome do dereito de autodeterminación.

A pesar de que en Galicia a presión proautonomía era moito máis feble que en Cataluña ou Euskadi, en setembro constituíuse en Santiago a Asemblea de Parlamentarios de Galicia. O recordo do conseguido en 1936, o desexo de non ser menos que cataláns e vascos e o convencemento xeneralizado de que o novo estado debía de ofrecer algún tipo de descentralización sumáronse para inducir en deputados e senadores este autonomismo, en moitos postizo. Pero o goberno central, a pesar de ser do mesmo signo que a maioría da asemblea, non se mostraba de momento moi receptivo a esas demandas. En certo modo repetíase a historia da Segunda República. Para que non se repetise do todo, o bloque autonomista mobilizou a cidadanía nunha campaña que culminou o 4 de decembro de

1977 con grandes manifestacións nas principais cidades. Soamente permaneceron á marxe AP, aínda partidaria do centralismo, e a UPG, que continuaba clamando por unha ruptura xa imposible.

En parte por esa presión e en parte pola predisposición dos gobernos de UCD a prefigurar unha descentralización imprecisa pero xeneralizada que colocase ós constituíntes ante os feitos consumados, o 11 de marzo Galicia foi incluída no primeiro paquete de preautonomías, aínda que o decreto de concesión da galega se adiantou un par de días ós outros, como para marcar unha certa prelación. Esta preautonomía, escasa en competencias e medios, tiña con todo un gran valor simbólico. O 18 de abril constituíuse con toda solemnidade, no románico Pazo de Xelmírez de Santiago, a Xunta de Galicia provisional, formada por once membros elixidos pola Asemblea de Parlamentarios. A presidencia da Xunta recaeu en Antonio Rosón, de UCD. Esta elección causou ó principio fondo descontento entre a esquerda e os nacionalistas, dados os antecedentes franquistas do agraciado e de toda a súa familia. Poucos sabían que, ademais, este Rosón profesaba un galeguismo moderado, froito das súas boas relacións con Ramón Piñeiro e o grupo Galaxia. Home intelixente e capaz de captar enseguida o que reclamaba cada circunstancia, pronto deu mostras dese galeguismo temperado que tanto conviña a UCD para inhibir a resurrección dun nacionalismo centrista similar ó do Partido Galeguista da Segunda República.

O 28 de xuño Rosón sorprendeu a todos cunha declaración institucional conmemorativa do XLII aniversario do referendo de 1936, na que reclamaba para Galicia o mesmo nivel de autogoberno que conseguise calquera outra rexión. E días despois convocou para o 25 de xullo a celebración do Día de Galicia, co que arrebatou ós nacionalistas a exclusividade desta conmemoración e oficializouna. Na data fixada dirixiuse ós concentrados na praza do Obradoiro dende o balcón do Pazo de Raxoi e reivindicou outra vez a autonomía. Naturalmente, os nacionalistas de esquerda nin se deixaron oficializar nin permitiron que os privasen da súa misa maior. Celebrárona por

todo o alto, aínda que divididos. O BNPG conseguiu facer chegar a poucos metros da praza do Obradoiro, á praza da Quintana, unha das maiores manifestacións de todos eses anos. O PSG, de dimensións máis modestas, contentouse con encher o Teatro Principal.

A cuestión autonómica estivo algo escurecida nos últimos meses de 1978 a causa da campaña do referendo da Constitución. Aprobada esta, as novas regras do xogo estaban fixadas. Nacía o estado das autonomías, a medio camiño entre centralismo e o federalismo pleno. Galicia quedaba implicitamente incluída entre as “nacionalidades históricas” por aprobar a súa autonomía antes da guerra e polo tanto todo semellaba indicar que lle correspondería o nivel superior de autogoberno contemplado na nova carta magna. Pero había que moverse para conseguilo. E Rosón non perdeu o tempo. A Asemblea de Parlamentarios aprobou a súa proposta de crear un grupo de traballo, a chamada “Comisión dos 16” polo número dos seus membros, que redactase un proxecto de estatuto. Para obter o maior consenso posible convidou a participar non só ás forzas parlamentarias, senón a todos os partidos extraparlamentarios cunha mínima implantación, agás o BNPG. E todos aceptaron, menos o PSG. A UCD, con excepción de Rosón e algúns máis en Galicia, mostrou un notorio desinterese polos seus traballos e deixou facer sen descubrir en ningún momento as súas cartas, quizais porque, deixando á parte os casos catalán e vasco, aínda non tiña moi claro como encaixar o resto dos territorios no flamante estado das autonomías.

O 1 de marzo de 1979 celebráronse as eleccións lexislativas e o 3 de abril as primeiras municipais da democracia. As lexislativas cambiaron pouco o mapa político galego inaugurado menos de dous anos antes. A UCD retrocedeu lixeiramente e os tres deputados que perdeu gañounos o PSOE, pero aínda así o seu dominio seguía sendo indiscutible. AP, agora baixo o nome de Coalición Democrática (CD), mantivo as súas posicións. O BNPG case triplicou os seus votos, o que seguramente o reafirmou nas súas teses rupturistas pese a que seguiu sen representación parlamentaria. En cambio, o resto

dos grupos nacionalistas reaccionaran ó fracaso de 1977. O PSG, o Partido Obreiro Galego (POG) (escisión da UPG liderada por Camilo Nogueira) e un refundado Partido Galeguista uníronse na coalición Unidade Galega (UG) e obtiveron uns resultados decepcionantes. Tampouco lle serviu de nada ó PCG a súa pequena subida de sufraxios. En suma, nacionalistas e comunistas galegos quedaban fóra do Congreso por segunda vez.

En cambio, nas eleccións municipais si houbo algunhas sorpresas. Dende logo, se temos en conta todos os municipios de Galicia, UCD gañou tamén por goleada en número de concelleiros e de alcaldes. Pero os socialistas amosaron ser unha forza a ter en conta nas cidades e en bastantes vilas importantes. Aínda que a menor escala, o mesmo cabe dicir dos comunistas. E a gran novidade foron os moi aceptables resultados que obtivo Unidade Galega nos poucos, pero importantes, municipios nos que se presentou. Todo iso fixo posible un acordo de ámbito galego, o Pacto do Hostal, entre PSOE, PCG e UG que permitiu, entre outras cousas, que o primeiro alcalde da democracia na Coruña fose o nacionalista Domingos Merino (do PSG), que en Vigo fose o socialista Manuel Soto, ou que o municipio do Grove o presidise o comunista Xaquín Álvarez Corbacho.

Porén, a vida de Unidade Galega sería curta. As discrepancias entre os socios da coalición no tocante á actitude que deberían adoptar ante o novo sistema político, pois o PSG seguía aferrado á ruptura, e as turbulencias internas deste partido entre os partidarios dun achegamento ó PSOE e os defensores dun nacionalismo máis na liña da UPG, fixeron que en poucos meses cada un dos membros de UG marchase polo seu lado, co que se frustrou unha vez máis a posibilidade de consolidar unha forza nacionalista importante que xogase dentro do novo sistema.

Namentres, a Comisión dos 16 cumpriu o encargo recibido con dilixencia e cun insólito espírito de concordia, do que participou por primeira vez Alianza Popular. En tres meses tivo listo un proxecto que establecía unha autonomía equiparable á de Cataluña. Pero

para entón o novo goberno de UCD, nado das recentes eleccións, xa tiña claro o que quería: dividir os territorios en dúas clases ben diferenciadas. Por unha banda, Cataluña e Euskadi, con auténtica autonomía política. Pola outra, o resto, que debía de quedar máis preto da descentralización administrativa ca dun verdadeiro autogoberno. E Galicia era fundamental para que ese desingnio saíse adiante, porque se o aceptaba sendo “nacionalidade histórica”, as demais comunidades, que non tiñan tal status, probablemente tamén o aceptarían.

De aquí que o proxecto da Comisión dos 16 non lle gustase nada ó Goberno. Había que corrixir o rumbo e para iso a primeira medida tiña que ser neutralizar o seu patrocinador. Por iso Antonio Rosón, demasiado autonomista e demasiado aberto ó diálogo con todos, foi “dimitido” e relegado ó posto honorífico de presidente da Asemblea de Parlamentarios. No seu lugar, o 9 de xuño accedeu á presidencia José Quiroga, máis dócil ós ditados da dirección do partido. A pesar diso, a Asemblea de Parlamentarios modificou moi pouco o texto da comisión e aprobou o 25 de xuño un proxecto de estatuto non rebaixado, co que todas as forzas participantes semellaban conformes. Este foi o primeiro indicio da falta de sintonía entre a dirección central da UCD e unha parte dos seus dirixentes en Galicia.

Pero o goberno non renunciou ós seus propósitos. En Santiago podían aprobar o que fose, que a última palabra estaba en Madrid, concretamente na Comisión Constitucional do Congreso, onde a UCD central tiña maioría e unhas ideas distintas do que debía de ser a autonomía galega. A mediados de outubro comezaron as discusións entre os representantes dos parlamentarios galegos e a comisión. As verdadeiras intencións do goberno quedaron entón moi claras e foron denunciadas con dureza pola oposición de esquerdas. E a pesar das boas palabras era imposible ocultar a división no seo da propia UCD entre algúns parlamentarios galegos e o resto. Manuel Fraga, que iniciaba o seu lento camiño cara a asunción do estado autonómico, soubo ver a oportunidade e tamén o futuro, e aliñouse

cos que rexeitaban a discriminación de Galicia. Pola súa parte, os nacionalistas vascos e cataláns, despois dun tímido amago de solidariedade, acabaron refuxiándose na “non inxerencia”, nunha mestura de indiferenza e de complexo de superioridade.

O caso é que, despois dun mes de forcexo, a UCD aplicou o “rodillo” da súa maioría e o 22 de novembro aprobouse, cos votos en contra de toda a oposición, un proxecto de estatuto que deixaba a autonomía de Galicia baixo mínimos e as espadas en alto. Había motivos para que o vello síndrome galego do agravio volveuse funcionar a tope. E a tope funcionou en toda Galicia, de norte a sur, de esquerda a dereita. Unha inacabable sucesión de manifestacións, declaracións de numerosos “abaixofirmantes”, mitins, peches e mesas redondas, nas que incluso participaban destacados dirixentes da UCD galega, acenderon o país. Ata se manifestaron os seminaristas de Santiago ó berro común de “Non ó estatuto da UCD”. E nesta crispación acabou o ano 1979.

De momento, nin uns nin outros cedían. Pero semellaba necesario saír dun punto morto que só podía beneficiar ó nacionalismo de esquerda, abonando as súas críticas. Ó final Suárez convenceuse de que era mellor ceder e en setembro de 1980 todos sentaron de novo a negociar. Tras case dous anos de disputas, tres semanas foron tempo suficiente para que a UCD salvase algo a cara. O día 29, no Hostal dos Reis Católicos, UCD, AP, PSOE, PCG e PG firmaron o pacto do que nacía un estatuto de primeira clase, dentro do que permitía a Constitución. Todos parecían contentos, menos os que seguían predicando a ruptura. Pero a imaxe da UCD en Galicia saíra moi malparada. E o seu primeiro proxecto de aplicación do modelo constitucional quedara inservible. Un ano despois, o electorado galego pasaríalle a factura.

Polo momento, o acordo deixaba expedito o último treito do camiño. Enviado o texto a Madrid, Congreso e Senado deron o visto e praxe e convocouse o preceptivo referendo para o 21 de decembro de 1980. Na campaña pronunciáronse a favor AP, UCD, PSOE, PCG

e PG. Pediron o voto negativo UPG, AN-PG e PSG, reunidos agora na chamada Mesa das Forzas Políticas de Galicia, anticipo da futura coalición BNPG-PSG para as primeiras eleccións autonómicas. Pola súa parte, o POG defendeu o voto en branco. O si gañou amplamente, pero a porcentaxe conxunta de nons e brancos non foi desprezable e sobre todo só acudiu a votar algo máis dun cuarto dos que podían facelo. Este triunfo enorme do silencio abstencionista pode semellar contradictorio co ruído autonomista anterior, pero ten a súa explicación. O groso do nacionalismo, en lugar de ser motor da autonomía como na década de 1930, seguiu descualificándoa por insuficiente. A dereita de AP e boa parte de UCD apenas moveron un dedo por levar a xente ás urnas. Polo tanto, os únicos que fixeron campaña forte polo si foron o PSOE, o PCG e o galeguismo tépedo. E non eran estas precisamente as forzas electoralmente maioritarias do país. En suma, o Estatuto foi referendado por só 450.556 electores, dun total de 2.172.898. A autonomía nacía cun serio déficit de lexitimidade.

A GALICIA AUTÓNOMA

*Galicia, nacionalidade histórica,
constitúese en Comunidade Autónoma
para acceder ao seu autogoberno.
A Comunidade Autónoma, a través
de institucións democráticas,
asume como tarefa principal a defensa
da identidade de Galicia e dos seus intereses.
A lingua propia de Galicia é o galego.*

Velaquí algunhas afirmacións dos primeiros artigos do Estatuto de 1980. Por fin a autonomía estaba ó alcance da man. Con todo, a dimisión de Adolfo Suárez en xaneiro de 1981, as secuelas do fallido golpe de Estado do 23 de febreiro e a problemática aterraxe do novo goberno de Leopoldo Calvo Sotelo atrasaron as primeiras eleccións autonómicas ata o 20 de outubro de 1981. Cos seus resultados, Galicia anuncioulle ó resto de España o ocaso da UCD, que viu reducidos os seus votos a pouco máis da metade, en castigo, non só polo espectáculo de disgregación que viña dando en toda España, senón tamén polo triste papel xogado durante o proceso autonómico. Na campaña desas eleccións cadaquén fixo o seu papel, pero houbo tres sorpresas, todas en relación con Alianza Popular. A primeira foi o súbito galeguismo *light* dun Fraga (“*galego coma tí*”) que ata meses antes se opuxera á estrutura autonómica deseñada no título VIII da Constitución. A segunda, a personalidade do seu candidato á presidencia da Xunta: Xerardo Fernández Albor, un médico compostelán con antecedentes galeguistas e democristiáns mais absolutamente virxe en política. Pero a mensaxe callou. E aí veu a terceira sorpresa: Alianza Popular conseguía máis votos e escaños (26) que unha UCD (24) que comezaba así o seu rápido afundimento. Os socialistas, que tamén xogaran a

carta do galeguismo integrando nas súas listas a catro independentes do círculo de Ramón Piñeiro, con este á cabeza, tampouco saíron malparados cos seus 16 escanos. Nacionalistas e comunistas tiveron que conformarse coas migallas: tres deputados para a coalición BNPG-PSG, un para Esquerda Galega (EG), novo nome do POG, e un para o PCG. Coa constitución do primeiro parlamento da súa historia podemos considerar que remataba a transición en Galicia e se abría un novo capítulo da súa historia, de momento o último.

POLÍTICA NO MARCO AUTONÓMICO

A política galega vén xirando arredor de dous eixes cruzados de diferenciación política: esquerda-dereita e galeguismo-españolismo. A isto hai que engadir a forte incidencia da política española na galega e o vigor da vella cultura política do clientelismo que, se ben ata agora beneficiou sobre todo á dereita por ser a que máis poder exerceu, non é politicamente unívoca, como o demostran certas experiencias municipais e provinciais.

Tamén temos que ter en conta a rápida expansión e diversificación do sindicalismo. No último tramo da ditadura o único sindicato clandestino de peso que existía en Galicia, coma en toda España, era CC OO. Isto cambiou e moi axiña na transición. Impulsada polo avance do PSOE, a UGT resucitou con forza. Pero en Galicia xurdiu ademais un sindicalismo nacionalista que creceu a gran velocidade. Naceu dividido, e durante anos, reproducíu no seu seo os enfrontamentos entre os partidos nacionalistas. Porén en 1994, en paralelo coa progresiva agrupación destes no Bloque Nacionalista Galego (BNG), as súas dúas pólas maiores converxeron na creación da Confederación Intersindical Galega (CIG), da que só quedaron fóra pequenos sindicatos máis radicais. Con lixeiras oscilacións entre unha elección e outra, CC OO, UGT e CIG repártense case a partes iguais a representatividade sindical do país, co cal Galicia se asemella máis nisto ó modelo sindical vasco que ó catalán.

Con estes condicionantes de fondo, podemos distinguir tres etapas na evolución da política galega ata 2015. A primeira (1981-1989) abrangue as presidencias do aliancista Xerardo Fernández Albor e do socialista Fernando González Laxe. O primeiro Parlamento galego, no que ninguén tiña maioría absoluta, decantouse rapidamente polo goberno en minoría da forza máis votada, AP, apoiada pola maioría dos deputados de UCD, que usaron o cambio de ciclo e non tardaron en pasarse con armas e bagaxes á dereita. A partir de aquí comezou a tarefa de construír as institucións autonómicas. E foise facendo, con algún que outro borrón, coma a expulsión dos tres deputados do BNPG-PSG por negarse a xurar a Constitución. Como paradoxo, a autonomía galega ía ser construída e administrada pola forza política máis reticente ata entón á descentralización do Estado.

Unha das primeiras cousas que había que decidir era a sede da Xunta. Ninguén discutía que o Parlamento estivese en Santiago nin que o cume do poder xudicial continuara na Coruña. Pero quedaba o máis apetitoso para unha cidade: a localización do Executivo, coa súa previsible lexión de funcionarios e instalacións. O 20 de xaneiro de 1982, Fernández Albor declarou que o Goberno debía permanecer en Santiago. Como era de esperar, o alcalde e as forzas vivas da Coruña protestaron iradamente e iniciaron unha campaña de axitación que o 8 de xuño sacou á rúa a 200.000 coruñeses. Ou iso dicían os medios da cidade. Pero a sorte estaba botada, porque nisto, salvo na Coruña, había unha rara unanimidade en toda Galicia. Na súa sesión do 23 de xuño, o Parlamento resolveu a cuestión aprobando a Lei de sedes que deixou as cousas como estaban. Ademais asumíuse o traspaso do sistema educativo e creouse a radiotelevisión pública, cuxas emisións comezaron en 1985, entre outras actuacións de menor entidade. É de destacar tamén o acento moderadamente galeguista na política cultural e de comunicación. O certo é que o galego pasou a ser o idioma oficial practicamente exclusivo da Xunta, o Parlamento e a radiotelevisión autonómica, o que minguou de contado a súa antiga función de marcador social negativo. Os símbolos e efemérides

(bandeira, himno, festa nacional) noutrora exclusivos do nacionalismo foron asumidos sen maior problema por todos, co que se lles privou de parte da súa carga reivindicativa.

Namentres, en outubro de 1982 o PSOE alzábase en Madrid coa maioría absoluta, provocando o primeiro cambio de ciclo da recente democracia española. En Galicia, Alianza Popular ampliou os seus apoios do ano anterior e consolidouse como forza dominante grazas ó afundimento de UCD. Nacionalistas e comunistas retrocederon aínda máis e seguiron fóra do Congreso. Inevitablemente, todo isto tivo as súas secuelas. AP puido continuar acollendo amorosamente os refuxiados que fuxían en masa do colapso de UCD. Con eles completou unha estrutura baseada en baronías provinciais que reforzaron os seus alicerces dende o goberno das deputacións. Esta transferencia do control das clientelas locais deu os seus froitos nas eleccións municipais de 1983, que a coalición liderada por AP gañou amplamente. E todo isto baixo a batuta do vicepresidente da Xunta, Xosé Luís Barreiro Rivas, auténtico construtor do partido en Galicia, por delegación dun Manuel Fraga que seguía aspirando inutilmente a gobernar algún día en Madrid.

Só escapaba a provincia de Ourense, onde Eulogio Gómez Franqueira non aceptou pasarse a AP e desempou o seu galeguismo xuvenil (militara nas mocidades do Partido Galeguista antes da guerra) para montar unha alternativa propia, cun primeiro paso que foi Centristas de Ourense. Antonio Rosón tamén abandonou UCD coa intención de crear unha “converxencia galeguista”. Estaba claro que un suposto nacionalismo moderado era a vía de escape daqueles centristas que se negaban a recalar na dereita. A operación de reciclaxe culminou en 1983 coa creación de Coalición Galega (CG), na que participou tamén unha escisión do refundado e minúsculo Partido Galeguista, que polo menos servía para darlle algo de pedigree á nova criatura.

O Partido dos Socialistas de Galicia (PSdG), novo nome da sección galega do PSOE, navegaba de momento con vento en

popa grazas ó gran triunfo de 1982, pero tiña problemas internos que acabarían pasándolle factura. O primeiro, a división entre os galeguistas procedentes do PSG e o resto, fosen os poucos socialistas pata negra, fosen os fuxidos da demolición a prazos do comunismo galaico. E o segundo, un acusado déficit de cohesión territorial que daba un peso excesivo a certos baróns locais como Francisco Vázquez na Coruña ou Manuel Soto en Vigo. Pero os efectos negativos de todo isto non se manifestarían ata máis tarde.

O nacionalismo de esquerda iniciara unha corrección de rumbo algo antes das eleccións de 1982 e o retroceso nestas non fixo senón ratificar a necesidade de cambios. Os sucesivos fracasos electorais e a consolidación do Estado autonómico fixeron comprender por fin á dirección da UPG que, de seguir así, caería na mesma marxinalidade que os independentistas declarados. Así que iniciou negociacións con diferentes colectivos que culminaron o 25 e 26 de setembro de 1982 coa fundación do Bloque Nacionalista Galego no polideportivo coruñés de Riazor. Esquerda Galega, radicalmente contraria ó modelo frontista e entón con esperanzas de arrebatarlle á UPG a primacía dentro do nacionalismo, negouse a participar nesta iniciativa unificadora. Tampouco se sumaron finalmente nin a independentista Galicia Ceibe nin o PSG. Este último, xa moi debilitado por unha escisión anterior en beneficio do PSdG-PSOE, remataría partido en dous. Unha parte absorberíaa o BNG e outra Esquerda Galega.

Polo tanto, a columna vertebral do BNG seguía sendo o tándem UPG-ANPG, co reforzo de afiliados doutras procedencias, entre os que destacaba Xosé Manuel Beiras, ex-líder do PSG, que se converteu dende o primeiro día, co visto e praxe da UPG, na grande figura pública do novo Bloque. Este presentaba poucas novidades no plano discursivo. Galicia seguía definida como colonia que había que emancipar mediante a acción pacífica dunha fronte de liberación maioritariamente de esquerdas. En cambio, si foi importante o cambio de táctica, pois agora actuaríase politicamente dentro do

sistema aínda que sen renunciar ós obxectivos finais. E adoptouse un modelo organizativo peculiar no que coexistían partidos, ós que se lles reservaban postos nos órganos de dirección, con afiliados a título individual dentro dun modelo assembleario por pasos. Con esta armazón, que se foi complicando coa sucesiva absorción doutras siglas, na práctica quen tivo en todo momento máis peso nas grandes decisións e no control foi a UPG, o partido mellor organizado e máis disciplinado.

E con estes actores chegaron as eleccións autonómicas de 1985. AP subiu pero non o suficiente para alcanzar a maioría absoluta, xa que necesitaría dous escanos máis. O PSdG-PSOE consolidouse como segunda forza, aínda que baixou algo en votos respecto a 1982. O centrismo español, agora en forma de Centro Democrático e Social, saíu definitivamente do Parlamento galego, igual que os comunistas. Esquerda Galega subiu de un a tres escanos e o BNG tivo unha pobre estrea, pois só conseguiu un deputado na persoa de Xosé Manuel Beiras. Pero a grande sorpresa destes comicios foi Coalición Galega cos seus 11 deputados, unha proba de que os vellos apoios do centrismo podían funcionar electoralmente coa nova roupaxe.

A composición do parlamento volvía deixar abertas as opcións: ou entendemento entre AP e CG, ou goberno de coalición entre a segunda e os socialistas. Todo dependía de Coalición Galega, dividida entre os partidarios dun Goberno “de progreso”, que rematarían escindíndose ó ano seguinte para formar o Partido Nacionalista Galego, e os máis conservadores, que quedarían coas siglas, e que agora deixaron claro que non estaban polo labor e preferían que gobernase AP. Esta división anunciaba que, se ben se demostrara que o nacionalismo moderado podía ter un espazo electoral relativamente amplo, de momento non había un partido coa coherencia suficiente para consolidalo. A argallada de CG, armada sobre as antigas redes da clientela de UCD en Ourense e parte de Lugo, penduraba dun fío e non resistiu a primeira proba política importante. Así que Fernández Albor revalidou a súa presenza. E creáronse as condicións para que

AP se apropiase en pouco tempo da maior parte dese espazo en disputa.

Non é estraño que este segundo mandato sufrise fortes turbulencias. A cohesión de AP tamén sabía a pouco. Ás desconfianza mutuas entre os fraguistas de sempre e os ex-centristas reciclados sumábase un crecente desgaste do Goberno debido a que o poder real estaba no vicepresidente, e o poder nominal nun presidente ó que moitos reprochaban a súa incapacidade para a política e para a xestión. A falta de sintonía entre os dous acabou nun episodio un tanto esperpéntico. O 30 de outubro de 1986, Barreiro Rivas deu un golpe de man (coa aprobación inicial de Fraga, segundo me dixo o propio Barreiro en certa ocasión) que consistiu en que todos os conselleiros lle presentaron a Fernández Albor a súa dimisión na sesión do Consello da Xunta dese día. Naturalmente, a saída prevista era que o presidente dimitise ante tal desaire e que Barreiro ocupase o seu lugar. Pero, para pasmo universal, Fernández Albor non dimitiu. Ante esta situación imposible, Fraga ordenou desde Madrid a todos, incluído Barreiro, que retirasen as súas dimisións. Uns conselleiros obedeceron e permaneceron en AP. Outros imitaron a Barreiro en manterse firme na súa postura e saíron con el do partido. Deles, cinco eran deputados.

Este incidente tan grave deixou o Goberno de AP ferido de morte. As forzas da oposición creron que chegara o seu momento. Mediante o chamado Pacto dos Tilos, PSdG-PSOE, CG, PNG e o grupo de Barreiro acordaron os termos dun goberno de coalición e da moción de censura que o 23 de outubro de 1987 levou á presidencia da Xunta ó socialista Fernando González Laxe (procedente do PSG). Barreiro Rivas, elixido ás présas presidente de Coalición Galega, recuperou a súa condición de vicepresidente co novo Goberno, co cal o esperpento quedou completo. Esta xogada converteuno para a dereita galega no “felón”, epíteto que só se lle podía ocorrer a Fraga. AP promoveu contra o traidor un procesamento xudicial por prevaricación na concesión de licenzas de xogo (durante o Goberno

da propia AP), o que lle obrigou a dimitir en xullo do ano seguinte e lle valeu finalmente unha condena de inhabilitación que o apartou da actividade política. Con estes e outros enredos, o Goberno tripartito pouco puido facer nos dous anos que mediaron entre a súa toma de posesión e as seguintes eleccións autonómicas, aínda que tivo algunhas iniciativas de entidade coma a creación das Universidades da Coruña e Vigo pola segregación dos seus campus da de Santiago, ou a do Servizo Galego de Saúde para organizar a transferencia da sanidade pública, por non falar de que foi o primeiro en facer fronte ás consecuencias para Galicia da entrada de España na Comunidade Económica Europea.

A todo isto, en Madrid, Manuel Fraga chegara á conclusión de que nunca lles gañaría unhas eleccións xerais ós socialistas e que, en consecuencia, a súa presenza á fronte do partido era un obstáculo para que a dereita se fixese algún día co goberno central. Xa intentara o seu relevo na operación frustrada de Hernández Mancha. Agora volveuno tentar ó tempo que AP mudaba de pel e se presentaba como Partido Popular. Pero unha cousa era ceder o liderado a José María Aznar e outra retirarse da vida política. A situación do partido na súa terra dáballe a ocasión para comezar un novo empeño, algo que traería consigo en Galicia todo un cambio de ciclo.

E aquí empeza a nosa segunda etapa, a chamada por algúns “era Fraga”, na que o mapa parlamentario acabou reducido a un triángulo composto polo Partido Popular (PP), o PSdG-PSOE e o BNG. Abrangue as presidencias de Manuel Fraga (1989-2005), do socialista Emilio Pérez Touriño (2005-2009) en coalición co BNG, e o primeiro mandato de Alberto Núñez Feijóo (2009-2012), de novo do PP. Nas eleccións do 17 de decembro de 1989, o efecto de Fraga quedou patente nun leve aumento dos votos do PP que foi suficiente para gañar catro escanos na primeira maioría absoluta da curta historia parlamentaria de Galicia. Ademais de porque o Parlamento se ampliara de 71 a 75 deputados, isto debeuse en gran medida ó afundimento da Coalición Galega, que pasou de 11 escanos a 2. O

PSdG tamén se beneficiou desta liquidación con seis actas máis. En cambio, Esquerda Galega iniciou o seu declive pasando de tres a dous. Pero o outro cambio cuantitativo foi o comezo do rápido ascenso do BNG, que quintuplicou a súa presenza. Estes resultados anunciaban xa as grandes liñas da dinámica política de Galicia no novo ciclo.

A primeira liña é a hexemonía do PP que acaprou, elección tras elección, algo máis ou algo menos da metade dos votantes e repetiu as súas maiorías absolutas en 1993, 1997 e 2001. A ocupación total do espazo do antigo centrismo e da maior parte do que podía corresponder a un nacionalismo moderado (a parte pequena ocupouna o BNG coa absorción do Partido Nacionalista Galego) permitíronlle ademais o control ininterrompido das deputacións de Lugo, Ourense e Pontevedra e o intermitente da da Coruña, así como gobernar na gran maioría dos municipios non urbanos. Tamén consegue nalgúns mandatos as alcaldías de Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense, alternando con gobernos socialistas ou de coalición entre socialistas e nacionalistas. Só A Coruña e Santiago se lle resistiron.

Varios son os factores que poden explicar esta hexemonía, á marxe do tópico do conservadorismo innato dos galegos. O primeiro é o perfeccionamento dunha rede de clientela omnipresente e ben alimentada cos recursos que ofrecían a propia autonomía e os cuantiosos fondos europeos. Este clientelismo presenta dúas caras. Unha é arcaica, de caracteres propios do século XIX aínda que con moitos máis recursos, baseada no control de deputacións e concellos rurais desde os que se distribúen ó modo tradicional empregos, prebendas e subvencións. Era a base do poder dos grandes baróns provinciais, “os da boina”, en expresión do ourensán José Luis Baltar, que el mesmo contrapoiña ós “de birrete”, os urbanitas partidarios dunha dereita máis acorde cos tempos. A outra cara é máis moderna. Consiste nun uso partidista dos medios públicos de comunicación e na supeditación dos privados, con apenas excepcións, mediante o áxil reparto da propaganda institucional e dos pagamentos baixo corda; no recrutamento dunha cohorte de publicistas e asesores para neutralizar

no posible a crítica pública; e no apoio dos poderes económicos a cambio de beneficios coa concesión discrecional de obras e servizos públicos.

O segundo factor é a práctica dun galeguismo morno, iniciada xa cos mandatos de Fernández Albor e que continuou en anos seguintes. O propio Fraga combinaba as súas confesións de firme españolismo con doutrinas como a “autoidentificación” (antídoto da autodeterminación) ou a “administración única” que substituiría a administración central pola autonómica alí onde houbera duplicidades e coa apropiación das figuras e símbolos máis sagrados do nacionalismo galego, incluído Castelao, cuxas obras Fraga prohibira na súa etapa de ministro de Franco. Deste xeito o PP galego conseguiu inhibir a emerxencia dun nacionalismo moderado que dividise o campo do centro-dereita. Isto non lle impedía manter unha actitude de gran belixerancia fronte ó nacionalismo de esquerda, por ser de esquerda e polo seu radicalismo nacionalista. Con isto, o PP presentábase en Galicia, non como inimigo do sentimento galeguista de gran parte da poboación, senón como un dos seus adais máis eficaces, por moderado, contra os excesos do BNG.

O terceiro factor foi a propia figura de Fraga, que non tiña un competidor comparable nas fileiras do PSdG-PSOE, único partido con posibilidades de artellar unha alternativa de goberno. A súa presenza sumou ata 2005 o diferencial de votos necesario para conseguir a maioría absoluta, imprescindible para gobernar en Galicia, unha vez eliminados os partidos intermedios. Pero esta sólida hexemonía *popular* en Galicia non se explica só polos activos propios. Hai que ter en conta tamén os erros, fraquezas e limitacións da oposición.

A diferenza do Partit dels Socialistes de Catalunya (PSC) en Cataluña, o PSdG-PSOE foi minimizando o seu compoñente galeguista inicial ata acabar moi desconectado da identidade galega. Nisto era a contrafigura do PP. E este erro estratéxico chegou ó seu paroxismo en maio de 1994 cando, como reacción ó gran retroceso experimentado nas eleccións autonómicas de 1993, elixiu para a Secretaría Xeral

a Francisco Vázquez, alcalde da Coruña, quen fraguara o bloque populista das súas maiorías absolutas municipais coa argamasa dun vitimismo antigaleguista moi belixerante. E así, na mesma medida na que se estendían a identidade galega e a dual galego-española, a imaxe dos socialistas derivaba xusto na dirección contraria, acentuando unha mensaxe españolista socialmente en retroceso. A isto sumábanse outros males: o reiterado cainismo interno, que ofrecía unha imaxe negativa de inestabilidade organizativa e desunión; a submisión acrítica ás políticas dos gobernos socialistas en Madrid, algunhas lesivas para a economía galega; e mais as inevitables salpicaduras dos escándalos de corrupción da última etapa socialista. O resultado foi o desastre electoral das autonómicas de 1997 nas que os socialistas seguiron costa abaixo a toda velocidade, tanto que quedaron por detrás do BNG, en pleno ascenso igualmente veloz.

Francisco Vázquez tardou un ano en dimitir e dar paso a Emilio Pérez Touriño, quen empezou a corrixir o rumbo. Foi restaurando algo a paz interna, reintroduciu no discurso socialista as doses necesarias de galeguismo e federalismo para recuperar os votantes que fuxiran ó BNG ou á abstención, e mellorou as relacións co nacionalismo para non cerrar a porta, como fixera o seu predecesor, a unha posible coalición, único modo real en Galicia de desprazar do poder ó PP. Nas autonómicas do 2001 estas tarefas estaban aínda a medio facer pero xa empezaron a dar os seus froitos. Houbo un lene aumento, suficiente para igualar en escanos, aínda que non en votos, a un BNG que iniciaba o seu declive.

Cando Fraga chegou a Galicia en 1989, o BNG comezaba un ascenso que pode considerarse espectacular dado o baixo punto de partida. Pasou do 8 % dos votos neste ano ó 18,7 % (13 deputados) nas autonómicas do 1993 e ó 24,7 % (18 deputados) nas de 1997, o que ademais lle permitiu ter un senador autonómico como segunda forza do Parlamento galego. En 1996 conseguiu os seus dous primeiros deputados en Madrid, que aumentou a tres no 2000. E nas municipais de 1999 obtivo, mediante pactos co PSdG, as alcaldías de Vigo,

Pontevedra e Ferrol, e participou nos Gobernos municipais de Santiago e Lugo. Ese mesmo día conseguiu en solitario un eurodeputado grazas ós 335.193 electores que votaron a Camilo Nogueira. Estes progresos explícanse pola conxunción de dous procesos favorables. O primeiro é a corrección dunha anomalía: o considerable peso social e sindical do nacionalismo non tivera unha tradución proporcional en votos e presenza institucional debido tanto á súa fragmentación en siglas que disputaban agrememente entre si como á contumacia en rexeitar o sistema. Estes dous factores electoralmente inhibidores foron desactivándose entre 1985 e 1995. O liderado de Beiras e outros foi levando ó BNG á asunción das regras do xogo e a unha relativa moderación programática. E a isto uniuse a progresiva unificación de todo o nacionalismo, agás os pequenos grupos independentistas, no seo do propio BNG, incluído o que quedaba do MCG e de Esquerda Galega. O segundo proceso foi a crise do PSdG-PSOE, que o BNG soubo aproveitar para facerse cunha parte importante das bases electorais do socialismo en Galicia. De feito, e dada a estabilidade das maiorías absolutas da dereita entre 1989 e 2005, o que houbo entre as dúas forzas da oposición foi un xogo de suma cero na que as ganancias dunha eran simplemente as perdas da outra, sen que ningunha das dúas fose capaz de apañar nada no espazo electoral do PP.

Pero o BNG tocou o teito en 2000. As autonómicas de 2001 marcaron o comezo dun descenso que foi *in crescendo* ata tocar fondo en 2016. A isto contribuíu a corrección de defectos por parte do PSdG pero tamén a maduración das disfuncións dun BNG que non soubo corrixilas nos tempos de bonanza para adaptarse á súa nova condición de posible alternativa de goberno. A propia estrutura do BNG, boa para conseguir a reunificación dos xa convencidos, unida á mantenza de certas doses de sectarismo, minguaba a súa capacidade tanto para conservar os votantes que lle chegaran do socialismo como para pescar en novos caladoiros. Proba disto é que, cos seus 7.000/8.000 afiliados, era o que ofrecía unha proporción afiliados/votantes máis baixa con moito. Ademais, malia a súa evolución, seguía tendo unha

imaxe excesivamente radical. E iso non axudaba precisamente nunha sociedade como a galega. Un último factor contribuíu a acelerar ese declive despois de 2001. O pequeno descenso que se produciu nas eleccións dese ano foi aproveitado pola UPG para defenestrar a Xosé Manuel Beiras, un líder pouco controlable. A operación sucesoria, en beneficio do independente Anxo Quintana, alcalde de Allariz, non se puido facer peor. O espectáculo de división e acusacións mutuas que o BNG deu por primeira vez en público e a dificultade para encher o burato que deixaba unha figura do carisma e o talle de Beiras sen dúbida tivo a súa parte no enorme baixón en votos e escanos que se produciu nas autonómicas do 2005, nas que o BNG retornou exactamente á posición de 1993.

Emporiso, paradoxos da política, esa derrota trouxo consigo, por primeira vez, o acceso do BNG ó cogoberno da Xunta. E isto foi posible, aínda que polos pelos, grazas a que a forte subida dos socialistas e o leve descenso do PP deixaron a este sen maioría absoluta por só un escano. Os socialistas formularan unha campaña intelixente na que as críticas ás obvias deficiencias de xestión e de talante democrático dos *populares* se combinaron con propostas atractivas sobre os problemas maiores e coa atinada dose de galeguismo, incluído un proxecto de reforma á alza do Estatuto, na que incluso se chamaba *nación* a Galicia. E ademais, tamén por primeira vez, abriron a porta á única alternativa posible ó PP deixando entrever que, se fose necesario, non habería inconveniente en formar un goberno de coalición cos nacionalistas. Por se isto fose pouco, o PSOE recuperara o Goberno en Madrid, onde o PP tivera unha triste saída coa súa actitude ante o atentado islamita do 11 de marzo de 2004.

En cambio, o PP galego presentouse a estas eleccións nas peores condicións posibles. A pésima xestión do desastre da marea negra provocada polo naufraxio do Prestige inda pesaba no ánimo da maioría dos galegos, tanto como a rebelión dos “baróns da boina” que puxera de manifesto profundas divisións e, sobre todo, puxo en

ridículo por primeira vez a suposta autoridade dun Fraga que, a pesar do seu evidente deterioro físico en contra da palabra dada catro anos antes, se volvía presentar ós seus 82 anos.

Con todos estes datos o sorprendente non é que o PP perdese a maioría absoluta senón que volvese gañar con claridade a cada un dos seus dous competidores por separado. Pero só lle valía sumar máis que os outros dous xuntos. Os seus 37 deputados nada valían fronte á suma dos 25 do PSdG-PSOE e os 13 do BNG. A rápida negociación do programa de goberno común e do reparto de consellerías entre socialistas e nacionalistas, con Pérez Touriño de presidente e Anxo Quintana de vicepresidente, fixo posible un cambio político que neste caso pode cualificarse de histórico sen pecarmos de esaxeración, aínda que só sexa porque provocou que Manuel Fraga cedese o mando do PP galego a Alberto Núñez Feijóo e se retirase, tras medio século de protagonismo político, a ese cemiterio de elefantes que chamamos Senado.

Se a formación do bipartito foi exemplar non pode dicirse o mesmo do seu funcionamento. É certo que as novas políticas sectoriais supuxeron un progreso considerable respecto das anteriores e que por primeira vez se tomaron medidas para ir eliminando bloqueos estruturais no campo e na industria para modernizar o modelo produtivo, pero todo isto quedou moi escurecido pola falta de sintonía entre os dous socios. Os seus desaxustes cotiáns acabaron proxectando a imaxe de que non había un goberno senón dous, e non moi ben avindos. Por outra parte, no faltaron nalgunhas consellerías episodios de clientelismo que, se ben eran dunha entidade moito menor que en lexislaturas anteriores, foron aireados e magnificados ata o paroxismo por algúns medios privados de comunicación que se sentiron prexudicados por certas decisións, e en particular polos supostos favores ó Grupo San José nun concurso eólico para que este financiase a cambio un novo diario afín ó BNG.

O certo é que nos meses previos ás eleccións autonómicas do 1 de marzo de 2009 estes medios someteron ó bipartidismo, e

moi en especial ó BNG, a un ataque sen piedade por terra, mar e aire, apoiando ó máximo a campaña do PP, que non se caracterizou precisamente polo seu xogo limpo. A operación triunfou, aínda que por pouco. Ese escano que decidía de que beira se inclinaría unha balanza moi equilibrada, perdeuno o BNG na provincia da Coruña en favor do PP e de nada serviu que os socialistas mantivesen as súas posicións. Cos seus 38 deputados fronte ós 25 do PSdG e os 12 do BNG, Alberto Núñez Feijóo devolveu as cousas ó que semellaba o estado natural en Galicia: o goberno da dereita.

Durante o seu primeiro mandato, á parte de diminuír apreciablemente os tons galeguistas do fraguismo, procurou fortalecer e modernizar algo o seu propio partido rebaixando o clientelismo de vello cuño sen conseguilo de todo, anulou as políticas anovadoras iniciadas polo bipartito e batallou co peor da crise económica tentando que as contas cadrasen a base de recortar todo o que fose preciso en educación, sanidade, investigación, dependencia, cultura e algo no tamaño da administración. Por outra parte, a oposición púxollo bastante doado. A perda do poder devolveu ós socialistas galegos ós seus vellos demos de cainismo interno e falta dun claro proxecto alternativo e acabou rachando o maior activo que lle quedaba ó BNG, a súa unidade. As tensión acumuladas nos anos anteriores explotaron na asemblea celebrada en Santiago o 12 de febreiro de 2012. Escindíronse, por un lado o postergado Beiras e os seus *irmandiños* para formar despois Anova xunto con pequenos grupos de esquerda independentista que xa estaban fóra do BNG, e polo outro, un sector de centro-esquerda que crearía Compromiso por Galicia. Adeus ó sistema triangular.

A terceira etapa áchase nos seus primeiros compases e non sabemos a onde conducirá. Ábrese coas autonómicas do 21 de outubro de 2012 nas que o triángulo pasa a cuadrilátero. Seguindo o exemplo do sucedido o ano anterior coas eleccións xerais, o PP amplía a súa maioría absoluta a 41 escanos e o PSdG baixa de 24 a 18. Pero o cambio cualitativo vén polo lado do nacionalismo. Anova, o novo

partido encabezado por Beiras, preséntase por primeira vez coligado cunha forza non nacionalista, Esquerda Unida, na Alternativa Galega de Esquerdas (AGE) e consegue 9 deputados, superando ó BNG que queda en 7. O Parlamento galego agora é cousa de catro. E non só iso, senón que os mundos do nacionalismo galego e a esquerda española se mesturan por primeira vez. Esta mestizaxe aumenta coa irrupción de Podemos, que se suma ós anteriores nas Mareas locais que gañan as alcaldías da Coruña, Santiago e Ferrol nas municipais de maio de 2015 e na coalición En Marea que obtén seis deputados en Madrid nas xerais do 20 de decembro e convértese na segunda forza política en apoio electoral, por diante do PSdG-PSOE. En cambio, o BNG segue costa abaixo e perde os seus dous deputados en Madrid. A situación nesta primavera de 2016, que presenciou por primeira vez a imposibilidade do Congreso para formar goberno, está inzada de incertezas tamén en Galicia. Pero todo apunta ó nacemento dun sistema de partidos cualitativamente distinto¹.

MODERNOS PERO VELLÓS

E mentres os políticos andaban cos seus torneos, no país ocorrían outras cousas, tan importantes ou máis. Comecemos pola poboación. Como vimos, a demografía galega mantivera constantes dende finais do século XVIII dúas características: un crecemento vexetativo poderoso, que lle permitía aumentar pese a enviar á emigración continxentes enormes, e unha perda constante de peso relativo respecto do total español, causada precisamente por eses saldos migratorios. Este modelo demográfico dá un xiro radical na década de 1970. A natalidade cae moito coma en todas partes, pero

1 Predición feita en 2015, que resultou certa a escala estatal pero totalmente errada no que atinxe a Galicia, pois o BNG, cun novo liderado, foise recuperando dende 2016 ata varrer a quen lle arrebatara parte do seu espazo. E así, nas eleccións autonómicas de 2020 retornou ao Parlamento o triángulo PP-BNG-PSdG cos nacionalistas outra volta na segunda posición (Nota do Autor, 2022).

aquí máis: pasa do 16 por mil en 1975 a 7,2 por mil en 2013, o que equivale a un descendente por parella, é dicir, menos da metade da taxa de reposición. A mortalidade, que xa estaba en cotas moi baixas, descende algo pero moi pouco. O resultado é que se pasa dun crecemento vexetativo positivo en 1975 (6,58) a outro negativo na actualidade (-3,8 en 2013), déficit que non é compensado polo saldo migratorio, que foi oscilando en función das conxunturas. Na década de 1970 redúcese ó mínimo a emigración. Entre 1980-2000 chegan uns poucos máis dos que marchan. E na década seguinte Galicia apenas se beneficia do gran auxe inmigratorio que coñece España por mor da burbulla inmobiliaria. De feito, a porcentaxe de residentes estranxeiros aquí é só do 3,3 %.

E nos oito anos que levamos de crise rexurdiu a emigración, sobre todo de mozos e mozas ben formados que aquí non teñen traballo nin futuro. Segundo os últimos cálculos, a finais de 2015 eran algo máis de medio millón os galegos residentes no estranxeiro. Pero agora sen reposición interior suficiente. Así que a poboación total leva anos baixando. Os 2.717.749 habitantes computados a 1 de xaneiro de 2016 devolven o total a niveis de 1997 e son 80.000 menos que o máximo acadado en 2010. Galicia perde uns 40 habitantes ó día. E ademais os que quedan cada vez son máis vellos. Cunha esperanza de vida en torno ós 83 anos, os maiores de 65 son xa o dobre cós menores de 15. De non mudar radicalmente estas tendencias nas próximas décadas, sexa por unha improbable recuperación enorme da natalidade, sexa por unha inmigración masiva, a viabilidade biolóxica e económica do pobo galego é moi problemática.

No que se refire á distribución territorial da poboación, aceleráronse recentemente dúas tendencias que veñen de atrás: os desprazamentos da poboación tanto do rural cara as cidades e as súas periferias coma dende a Galicia interior á Galicia costeira, especialmente á fachada atlántica. Mentres o eixe Ferrol-Coruña-Santiago-Pontevedra-Vigo concentra cada vez máis a poboación e as actividades produtivas non primarias, o resto estáncase e despobóase.

Aínda así, persiste unha gran dispersión na ocupación do territorio, cun número desorbitado de núcleos de poboación de tamaño medio, pequeno ou mínimo, se ben diminuíu algo porque moitas aldeas baleiráronse totalmente ou só quedan nelas uns cantos anciáns. Evidentemente, o binomio dispersión-avellentamento é un obstáculo ó desenvolvemento pois encarece moito a dotación universal de infraestruturas e servizos básicos.

Pese a esta decadencia demográfica, Galicia experimentou un notable desenvolvemento e achegouse bastante ás medias española e europea. Isto reflíctese, en primeiro lugar, en cambios espectaculares da súa poboación activa. O sector primario pasou dun 50 % en 1970 —propio do século XIX—, a un hipermoderno 6,3 % en 2015. O avance do sector terciario, outro suposto indicador da modernidade, tampouco foi pequeno: do 26,4 % en 1970 ó 71,2 % en 2015. En cambio a industria retrocedeu algo (do 30 ó 22,5 %) debido á reconversión naval nos anos oitenta e a varias deslocalizacións posteriores. En todo caso, é obvio que a economía galega e o benestar medio dos seus habitantes medraron, polo menos ata o comezo da crise en 2008. O PIB per cápita galego, que era de 5.240 €/ano en 1975, un 74,9 % da media española, ascendía en 2015 a 20.431 €, un 87,7 % desa media. Inda descontando a inflación, a mellora é evidente. Pero tamén convén matizala. Se atendemos á evolución da renda familiar neta dispoñible (RFND) vemos que os seus valores relativos son sempre máis altos que os do PIB, é dicir, a renda media das familias é superior polo que lles correspondería con só o producido en Galicia. A diferenza débese ó saldo positivo do recibido dende o Estado en prestacións (pensións, paro etcétera) menos o pagado en impostos. E aquí entra de novo a demografía, acompañada do estado de benestar. Nos finais de 2015, en Galicia, cunha taxa de actividade so 53,3 % e un paro do 17,7 %, había uns 1.200.000 ocupados e uns 750.000 beneficiarios de pensións contributivas. Isto dá unha proporción de 1,6 contribuíntes por pensionista ó que hai que engadir parados e inactivos non xubilados. En 2014, a diferenza

entre o gastado e o ingresado en Galicia pola Seguridade Social foi de 3.320 millóns de euros, aproximadamente un terzo do orzamento da Xunta de Galicia. Aínda que o número de parados descenda cando se supere a crise, estas cifras revelan a enorme importancia económica das pensións na sociedade galega actual. E amosan outra cousa: de non se invertir a tendencia a un envellecemento crecente, o futuro é escuro tirando a negro.

Un balance xeral do período presenta progresos indubidables xunto a problemas graves e de difícil solución. As infraestruturas melloraron moito en hospitais, centros educativos dos tres niveis, servizos culturais, aeroportos, portos, autoestradas/autovías e menos en ferrocarril, aínda que o localismo e o clientelismo levaron en moitos casos a unha asignación irracional e ineficiente dos cuantiosos recursos dispoñibles, en gran parte de procedencia europea. Sen cicatrizar aínda a profunda ferida da reconversión naval, a industria galega mantén os seus sectores tradicionais (conservas e outros transformados da pesca, estaleiros, automóbiles, enerxía eléctrica) ós que se lles sumaron outros que indican unha anovada vitalidade de parte da sociedade civil: moda e confección, electrónica e telecomunicacións, enerxía eólica. No sector primario hai problemas moi graves na produción de leite e carne, causados tanto por arcaísmos estruturais internos como pola competencia doutros países e polas políticas depredadoras das industrias e distribuidoras do sector. Algo similar sucede coa pesca debido ó crecemento desmesurado do sector, ó esgotamento dos caladoiros e ás restricións impostas pola Unión Europea e outros países. Pero hai tamén iniciativas innovadoras, coma o auxe dunha acuicultura puxante e dunha agroindustria moi diversificada, cuxo buque insignia é a viticultura. É de sinalar tamén o desenvolvemento do turismo, grazas nunha grande parte a unha eficaz promoción do fenómeno xacobeo. No conxunto, Galicia é hoxe unha das comunidades autónomas de España cun maior saldo exportador neto, pero isto débese á achega de dous xigantes, Inditex e Citröen, mentres que máis da metade das empresas galegas inda

non saben moverse fóra da súa terra, se ben a outra metade empeza a espreguizarse. Tamén é un dos territorios de España cos salarios medios máis baixos.

IDENTIDADES NACIONAIS EN GALICIA

Antes de rematar abordarei outra cuestión, que creo de interese: a das identidades presentes no país e os seus pesos sociais relativos. Nos capítulos precedentes vimos que cando menos dende o século XII a sociedade galega veu amosando, na súa totalidade ou na súa meirande parte, unha singularidade etnocultural indiscutible. E que dende o século XVI deica o final da ditadura de Franco esa singularidade estivo socialmente discriminada e politicamente excluída por unha identidade e por uns poderes casteláns/españóis que a converteron nun signo de inferioridade social, o cal axudou a inhibir ata o século XX o desenvolvemento dun nacionalismo autóctono suficientemente forte para xerar unha nación galega. Contribuíu a autonomía a cambiar isto significativamente?

No que se refire á consideración social da lingua e da cultura propias, si que o cambiou, e moito. A función socialmente discriminatoria da lingua galega desapareceu a causa da súa introdución (incompleta) no ensino e do seu uso case exclusivo na vida política, nos escritos das institucións, salvo as xudiciais, e na radiotelevisión pública. Ó mesmo tempo, a creación cultural, preferentemente en galego, desenvolveuse e modernizouse en todas as súas manifestacións, dende a literatura á música pasando polas artes plásticas ou audiovisuais, en diálogo e mestizaxe co resto do mundo sen renunciar por iso ás súas propias raíces. No entanto, dáse o paradoxo de que, xusto cando a escolarización en galego está xeneralizada e desapareceu o seu estigma histórico, os usos privados da lingua retroceden espontaneamente entre a mocidade.

No nacional, a autonomía xerou un panorama identitario complexo e dende logo bastante diferente do que ofrecen Cataluña

e País Vasco, habituais termos de comparación. Os altibaixos do nacionalismo, do que falamos antes, xa son un primeiro indicador das dificultades para que se desenvolva unha nación galega con forza suficiente para facer retroceder a española. Pero esta tampouco saíu indemne coa consolidación da autonomía. Polo menos iso nos di o segundo indicador, as enquisas sobre sentimentos de pertenza, instrumento algo impreciso tal como se formulan as preguntas, pois os enquisados poden sentirse máis ou menos vascos ou cataláns que españois por cuestións que teñan máis que ver co xogo de pelota ou a sardana que coa natureza do Estado. Non obstante, a súa significación política, pese á súa imprecisión, non é en absoluto desprezable, sobre todo nos tramos excluínates dun e outro extremo.

Táboa 1: Sentimentos de identidade en Galicia
(Valores porcentuais)

	1986	1996	2012
Séntese exclusivamente español	5,0	4,8	2,2
Máis español que galego	7,0	7,8	3,2
Igual galego que español	52,0	43,7	74,8
Máis galego que español	27,0	35,7	16,6
Exclusivamente galego	6,0	7,0	1,9

Fonte: CIS

Na táboa 1 recóllense as actitudes de identificación en Galicia en tres momentos dos últimos trinta anos. O primeiro que se observa é o amplo dominio da identidade dual, que, se asumísemos o risco de traducilo a termos políticos, indicaría conformidade co actual estado das autonomías ou cun federal. Os valores da identidade española, moi pequenos en todo momento, decrecen tanto na modalidade excluínate como na non excluínate, o cal non deixa de sorprenden

tendo en conta a forza política do Partido Popular. A identidade galega non excluente aparece como a segunda en importancia en todo momento, aínda que con considerables altibaixos que, por certo, son sensiblemente paralelos ós dos resultados electorais do nacionalismo.

Táboa 2: Organización do Estado español
(Valores porcentuais)

Prefire o Estado	España 2014	Galicia 2012
Sen autonomías	20,7	20,1
Con menos autonomía nas CC.AA	9,2	11,4
Igual ca hoxe	29,9	49,0
Con máis autonomía nas CC.AA	13,4	9,6
CC.AA con dereito a independencia	12,4	2,7
Non sabe / non contesta	14,3	7,2

Fonte: CIS

Se pasamos das identidades ós modelos de estado que prefire a cidadanía, as respostas non concordan de todo pero tampouco presentan unha distribución radicalmente distinta. Ben é certo que a táboa 2 non recolle nin os efectos da irrupción de Podemos nin os da eclosión do independentismo catalán. Pero, aínda admitindo que probablemente os valores reais das fileiras cuarta e quinta sexan hoxe maiores en Galicia, é difícil crer que as correccións pertinentes nos levasen a un panorama moi distinto. En calquera caso, e pese ás súas obvias limitacións, a identidade nacional galega está aí, aínda que de momento permanece bloqueada no seu desenvolvemento. E a española retrocedeu e sobre todo diluíuse nese híbrido que é a identidade dual. Estes foron os efectos maiores da autonomía neste campo.

E aquí remata a viaxe polo tempo desta sociedade galega que se adentra no terceiro milenio encadrada na segunda división do primeiro mundo, coa mochila cargada de bastantes progresos e outras tantas carencias; que comparte coas súas irmás a ameaza de quebra do modelo político e social europeo e a contemplación dun futuro incerto, que pode ser mellor ou pode ser peor que o presente; que resiste na súa singularidade ante a globalización e que non acaba de decidir se quere ser nación distinta ou seguir instalada na ambigüidade nacional.

CRONOLOXÍA

OS PROGRESOS TRUNCADOS (1904-1936)

- 1904: Constitución da Federación Galega do PSOE.
- 1906: Fundación Real Academia Galega.
- 1907: Himno galego.
Centro Galego de Bos Aires.
- 1907-1909: Solidaridad Gallega.
- 1908: I Asemblea Agraria en Monforte.
Directorio Antiforista de Teis.
- 1909: Irrupción agrarista nas eleccións municipais.
Disturbios agrarios en Oseira, sete mortos.
- 1910: Liga de Acción Gallega.
- 1916-1931: Irmandades da Fala.
- 1916: Disturbios agrarios en Nebra, vinte mortos.
- 1917: Disturbios agrarios en Narón e Sofán, vinte e cinco mortos.
- 1918: I Asemblea Nacionalista.
- 1920: *Teoría do nacionalismo galego*, de Vicente Risco.
- 1921: Misión Biolóxica de Galicia.
- 1922: Disturbios agrarios en Guillarei, catro mortos.
Irmandade Nacionalista Galega
- 1923: Seminario de Estudos Galegos.
- 1924: Proxecto de mancomunidade.
- 1926: Lei de redención de foros de Primo de Rivera.
- 1929: Fundación da ORGA.
- 1930: Pacto de Lestrove.
Compromiso de Barrantes.
- 1931: Asemblea proestatuto na Coruña.
Triunfo electoral da esquerda e primeiros deputados nacionalistas.
Fundación do Partido Galeguista.

- 1932: Unión Regional de Derechas de Galicia.
Folgas en Vigo.
Asemblea de municipios: aprobación do proxecto de estatuto.
- 1933: Triunfo electoral das dereitas.
- 1934: Izquierda Republicana absorbe o Partido Republicano Galego.
Sección galega da Falange Española.
- 1935: Dereita Galeguista de Pontevedra.
- 1936: Vitoria electoral da Fronte Popular.
Dereita Galeguista.
Plebiscito do Estatuto de Autonomía.
Sublevación militar. Galicia en zona “nacional”.

A LONGA NOITE DE PEDRA (1936-1977)

- 1936-1939: Represión, fuxidos e maquis.
- 1943: Creación de FENOSA.
- 1944: Consello de Galiza en Bos Aires.
Sempre en Galiza, de Castelao.
Creación de ASTANO.
- 1945: Aprobación do Estatuto polas Cortes no exilio.
- 1946: Desarticulación da oposición clandestina.
- 1950: Editorial Galaxia.
- 1950-1975: Segunda vaga de emigración masiva.
- 1952: Execución de Foucellas, o último maquis galego.
- 1957: Ferrocarril Madrid-Galicia por Zamora-Ourense.
- 1958: Instalación de Citröen-Hispania en Vigo.
- 1963: Partido Socialista Galego.
- 1964: Unión do Pobo Galego.
- 1965: Conflito de Castrelo do Miño.
- 1967: Comisións Obreiras de Galicia.
Folgas.
- 1968: Primeiras folgas na universidade.
Partido Comunista de Galicia.

- 1972: Folga en Ferrol. Dous obreiros mortos.
Folga xeral en Vigo.
- 1974: Partido Galego Social Demócrata.
Unión Democrática de Galicia.
- 1975: Xunta Democrática de Galicia
Asemblea Nacional-Popular Galega.
Primeira tenda de Zara.
- 1976: Consello de Forzas Políticas de Galicia.
Táboa Democrática de Galicia.
Partido Galego Independente.
Sección galega de Alianza Popular.
Partido Galego Social Demócrata.
Partido Popular Galego.
- 1977: Bases Constitucionais do CFPG.
Sección galega de Unión de Centro Democrático.
Asemblea de parlamentarios de Galicia.
Grandes manifestacións pola autonomía.

A GALICIA AUTÓNOMA (1978-2015)

- 1978: Xunta preautonómica.
Refundación do Partido Galeguista.
Partido Obreiro Galego.
Partido Galego do Proletariado.
- 1979: Comisión dos 16. Proxecto de Estatuto de Autonomía.
Unidade Galega.
Partido dos Socialistas de Galicia (PSdG-PSOE)
- 1980: Oposición xeral ó Estatuto recortado.
Pacto do Hostal: novo Estatuto.
Mesa de Forzas Políticas de Galicia.
Referendo do Estatuto.
- 1981: Primeiras eleccións autonómicas e primeira derrota da UCD.
Goberno de AP, presidido por Fernández Albor.
- 1982: Bloque Nacionalista Galego.
- 1983: Coalición Galega.
- 1985: Radiotelevisión autonómica.
Constitución de Inditex.

- 1986: Reconversión naval. Folga xeral.
Moción de censura a Fernández Albor.
Partido Nacionalista Galego.
Goberno tripartito PSdG-CG-PNG
- 1989: Primeiro goberno de Manuel Fraga.
- 1990: Creación das universidades da Coruña e Vigo.
- 1993: Segundo goberno de Manuel Fraga.
- 1997: Terceiro goberno de Manuel Fraga.
O BNG supera en escanos ó PSdG-PSOE.
- 2001: Cuarto goberno de Manuel Fraga.
- 2002: Desastre do Prestige.
Movemento Nunca Máis.
- 2005: Fraga perde a maioría absoluta.
Goberno bipartito PSdG-BNG, presidido por Emilio Pérez
Tourinho.
- 2009: Núñez Feijóo recupera a maioría absoluta para o PP.
- 2012: Fragmentación do BNG.
Segundo goberno de Núñez Feijóo.
Alternativa Galega de Esquerdas supera ó BNG.
- 2015: As Mareas fanse coas alcaldías da Coruña, Santiago e Ferrol.
Eleccións xerais: En Marea, segunda forza de Galicia.

2. Anexos

ENTREVISTA

[Actividade realizada por alumnado de bacharelato do IES Xulián Magariños (Negreira) no despacho do historiador e profesor Justo Beramendi.

Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2018]



Que é para vostede un historiador?

Ben. Persoas que se chaman historiadores hainas de moitas clases, pero un bo historiador para min é un profesional das ciencias sociais que intenta describir, analizar e, se pode, explicar algúns aspectos do pasado da humanidade.

Cal é o principal motivo polo que pensa que hoxe en día a historia ten menos importancia que noutro tempo pasado?

A historia é utilizada para moitas cousas por moi diferentes persoas, organizacións ou movementos políticos. O momento no que a historia tivo máis importancia foi no século XIX e primeiro terzo do XX porque foi un elemento fundamental para asentar as nacións. E serían os estados nación moi en

particular as máis atentas á historia. De aí que se lle chame ó século XIX o “século da historia”. É cando a historia se nacionaliza, por dicilo dalgunha maneira, cando se escriben todos os grandes relatos do pasado os estados nación e das nacións sen estado. Por outra parte, cómpre termos en conta que naquela época toda a formación e as influencias básicas que recibía a xente procedían de dúas fontes principais: a escola pública, que foi medrando ó longo do século XIX e acadou unha universalización no XX, e a Igrexa, que desde o púlpito era un elemento fundamental para formar a mentalidade dunha parte decrecente pero aínda moi importante da sociedade. En consecuencia, a través da escola e da Igrexa, a historia era un elemento moi importante na conformación da *imago mundi* e da identidade colectiva dos cidadáns.

Na actualidade é moi diferente por moitas razóns. En primeiro lugar, os estados nación están moi consolidadas e xa non é tan necesario o uso da historia. En segundo lugar, agora os estímulos e as informacións que recibe a mocidade —que é cando se forma a personalidade— teñen múltiples procedencias. A escola educa, mais non é a máis importante para esa formación. Hoxe están as redes sociais, os medios de comunicación que moven masas... En fin, é diferente. Polo tanto nese sentido o peso relativo da historia diminuíu.

Con todo, a historia segue sendo moi importante para todos os nacionalismos xa sexa sen Estado ou de Estado porque todos teñen que difundir a idea de que a súa nación é algo que ten unha existencia indestrutible, que se remonta a tempos moi remotos e que continuou ó longo dos séculos. Así que é case algo contra natura poñer en cuestión a existencia desa nación. Isto naturalmente é un relato que non se corresponde coa realidade do pasado, pero segue sendo imprescindible para

os nacionalismos e nese sentido a Historia segue a ter unha importancia non desprezable, non pequena, nas dinámicas políticas e nos imaxinarios colectivos.

Cre que esa importancia da historia poderá aumentar no futuro, co paso do tempo?

O futuro non é unha cousa... Vai ti saber o que hai en 600 ou 1000 anos..., pero no futuro previsible eu creo que nin vai diminuír nin aumentar a importancia da historia. Vaise manter, máis ou menos como está hoxe, posto que tamén se vai manter como está hoxe esa pugna entre nacionalismos, as necesidades do ser humano que necesita considerarse parte dunha tribo, dun colectivo ou de varios. E para iso a historia é fundamental. O uso, ou mal uso ás veces, da historia é fundamental para esa función.

Que o levou a querer estudar primeiramente Enxeñería industrial?

Meu pai. Meu pai tiña unha empresa de instalacións eléctricas e necesitaba un fillo enxeñeiro, aínda que a miña vocación foron sempre as letras. E tiveron que aceptar estudar enxeñería porque daquela os pais funcionaban dunha forma moi diferente a como funcionan hoxe, así que tiveron que facer unha carreira que non me gustaba e cando puideron independizarme economicamente dando clases particulares de física e química deixei esa carreira universitaria.

Mudaría algún aspecto da materia de Historia nos plans de ensino?

Depende de a que ensino te refiras, porque é moi diferente como se ten que ensinar a Historia no ensino secundario ou nunha universidade.

Non coñezo moi ben como está agora o asunto no ensino secundario e non me gusta falar das cousas que non coñezo.

Creo que mellorou moito o ensino da Historia en todos os niveis e supoño que terá cousas mellorables, pero insisto: non me considero capacitado para emitir un xuízo para o nivel secundario; para o universitario si.

Que o motivou para escribir unha Historia mínima de Galicia?

Pois o motivo foi que a editorial Turner mo propuxo e pareceume unha boa idea. Os historiadores e investigadores da historia —en España polo menos— temos o vicio de menosprezar o labor de divulgación e valoramos demasiado as investigacións, en cambio a divulgación non. Cousa que non acontece por exemplo noutros países como pode ser o Reino Unido. Penso que o labor de divulgación, rigoroso pero ó mesmo tempo ameno para un público amplo, é moi importante. Por iso aceptei a oportunidade que me ofreceron.

Por que introducir neste libro o termo “mínima”?

Porque ese é o título de toda a colección. A Editorial Turner ten unha colección de Historias Mínimas. Para salientar que se trata de obras de divulgación. É dicir: son obras que pretenden introducir o coñecemento dun determinado país nun público canto máis amplo mellor, non nun público académico. De aí o nome que non é exclusivo desta obra, senón de todas as da colección.

Por que o publicou en idioma castelán?

Porque é unha obra dunha editorial madrileña que está dirixida a un público non galego. Para que se coñeza a historia de Galicia fóra, por parte dos que non son galegos. E ademais esta colección coeditase en México co Colegio de México. Teño así unha edición en España de Turner e unha coedición co Colegio de México destinada a América Latina.

Ten pensado escribir ou publicar algún libro máis proximamente?

Se a fortuna me concede tempo, porque eu xa teño unha idade [*risas*] na que non se poden facer moitos plans a longo prazo, pois si. Estou traballando nun que non sei se me dará tempo a acabar, chamado *España y las naciones movedizas* que trata sobre os antecedentes e actualidades das cuestións nacionais en España, e tamén estou coas miñas memorias, que seguramente non lle interesan a ninguén, pero que me resulta grato porque é como se volveses vivir a túa propia vida.

De onde sacou a información para poder escribir este libro?

Pois das fontes que se usan sempre cando se fai unha obra de síntese e divulgación. Por un lado ti baséaste nas túas propias investigacións que cobren unha parcela limitada, como é normal, do pasado; e para o resto usas as investigacións máis recentes dos colegas que se ocupan doutras parcelas: Felipe Arias, José Carlos Bermejo, Francisco Calo e José M. Caamaño para a Prehistoria e Idade Antiga; Ermelindo Portela, Mari Carmen Pallares, Elisa Ferreira e José García Oro, para a Idade Media; Antonio Eiras e Pegerto Saavedra, para a Idade Moderna; e para a Contemporánea a parte das miñas obras, as de Xosé Ramón Barreiro, Ramón Villares e Lourenzo Fernández Prieto, entre moitos outros que non menciono para non alongar a lista máis da conta.

Que o fai considerar a Vicente Risco como o intelectual máis agudo e mellor preparado da súa xeración?

Vicente Risco, dentro do que era o conxunto de dirixentes das Irmandades da Fala e do Partido Galeguista, era a persoa con máis lecturas e cunha formación teórica bastante superior á dos demais e ademais tiña un cerebro moi agudo, como unha especie de estilete, incluso para meterse cos demais.

Está de acordo coa ideoloxía do Risco nacionalista galego?

Non. Unha cousa é estudar a Risco e outra estar de acordo con el. En primeiro lugar, o nacionalismo de Risco fundaméntase nun concepto de nación organicista e historicista que di que a nación existe obxectivamente porque hai unha lingua, unha historia, unha cultura específicas, concepto co que eu non estou de acordo, xa que para min a nación é unha construción ideolóxica colectiva que aparece nunhas circunstancias históricas determinadas. En segundo lugar, Risco, desde un punto de vista filosófico, empeza como un nietzschiano e polo tanto unha persoa adscrita ás filosofías irracionistas de finais do século XIX e principios do XX. Eu, dende o punto de vista filosófico fun e dalgunha maneira sigo a ser un marxista e polo tanto non teño nada que ver con iso. E en terceiro lugar, Risco profesaba un catolicismo ultramontano e eu son ateo, polo que evidentemente non teño nada que ver con Risco. Outra cousa é que o analice e constate a importancia que tivo no nacemento do discurso nacionalista galego.

Por que pensa que se descoida a Castelao como pensador e activista social do nacionalismo galego?

Eu non penso que estea tan descoidado, máis ben creo que Castelao está excesivamente sobado, tanto que acabaron converténdoo nun mito que a xente colocou nun altar. Van alí botarlle flores e só algúns se ocupan de estudalo e analízalo, non para utilizalo politicamente, senón para aprender del e do que foi o seu pensamento, a súa actuación... En todo caso, os actuais achegamentos a Castelao son moi diversos. Hai quen o estuda e o valora, hai quen o utiliza para xustificar unhas actitudes políticas actuais no nacionalismo que só en parte coinciden coas que mantivo Castelao no seu momento e hai quen dende a dereita, e incluso dende o nacionalismo español, simplemente o utiliza dunha maneira desvergonzada, para

darse un verniz de galeguismo que lles interesa, aínda que en realidade eles están nas antípodas do que predicou e do que realizou Castelao.

Sería Castelao na actualidade un referente político en Galicia? É válido o seu pensamento hoxe?

Penso que a primeira parte da pregunta non se debería contestar porque sería pura especulación; o que faría Castelao hoxe non se pode saber porque cada ser humano nas circunstancias concretas en que vive actúa dunha maneira, pero esa maneira non é exportable en ningún sentido a outras circunstancias históricas que son moi diferentes das que el viviu. A segunda parte da pregunta si ten sentido: que segue vixente do pensamento de Castelao hoxe? Hai unhas partes que seguen vixentes e outras que non. As partes que seguen vixentes son aquelas que se refiren ó problema nacional de Galicia, é dicir, as que se refiren ás aspiracións de Galicia ó autogoberno que na cota na que as puxo non só Castelao, senón todos os seus compañeiros de xeración, aínda están por conseguir.

Que foi a ORGA? E o Partido Galeguista?

A ORGA (Organización Republicana Gallega Autónoma) foi un intento de combinar o nacionalismo galego co republicanismo autonomista de referente español pero radicado en Galicia. A ORGA fúndase en setembro de 1929 cando aínda estaba vixente a ditadura de Primo de Rivera por fusión dos nacionalistas da Irmandade da Fala da Coruña cos republicanos ex-federalistas e agora autonomistas do grupo liderado por Santiago Casares Quiroga. Esta converxencia prodúcese porque esa parte do nacionalismo galego, despois da escisión acontecida na IV Asemblea Nacionalista (Monforte, 1922), desconfía das posibilidades do nacionalismo a

cara descuberta en Galicia. Pensaban que xuntándose con estes republicanos e presentándose como autonomistas, pero non como nacionalistas, terían máis posibilidades de conseguir base social e postos de representación, de avanzar politicamente. Esta aposta fracasou porque a gran maioría dos nacionalistas do resto de Galicia non seguiu a vía emprendida polos irmandiños coruñeses, co que estes quedaron en minoría dentro da propia ORGA cando esta medrou, e tamén porque Casares Quiroga non era nin nacionalista, nin galeguista e nin sequera autonomista. Era un político que ía ó seu. O resultado foi que o compoñente autonomista e galeguista da ORGA empezou a esvaerse rapidamente e como consecuencia case todos os que entraron na ORGA dende o nacionalismo acabaron saíndo da ORGA e volvendo ó nacionalismo. En cambio a ORGA como partido republicano si tivo éxito grazas a que Casares Quiroga tiña moi boas relacións con Azaña e foi un dos ministros do goberno provisional da República. Por esa vía a ORGA converteuse no primeiro bienio republicano no partido hexemónico en Galicia: controlou os gobernos civís das provincias, as xestoras das deputacións provinciais e gañou aquí as eleccións de 1931.

O Partido Galeguista é a primeira organización política eficaz que ten o nacionalismo galego. Fúndase en decembro de 1931 por converxencia de todos os grupos nacionalistas que había en Galicia, e soubo xuntar a tolerancia entre as diversas tendencias ideolóxicas que seguían convivindo no seo do nacionalismo cun modelo organizativo moderno de partido democrático. E combinaba esa democracia interna cunha acción disciplinada e eficaz. Grazas a iso o nacionalismo galego en só catro anos e medio pasou de 700 afiliados ó principio a case 5.000, e de estar presentes en só 20 municipios galegos, a estar presentes en máis de 150.

O Partido Galeguista foi moi importante na historia do nacionalismo galego, de feito a el se lle debe a autonomía de Galicia, porque aínda sendo un partido non maioritario foi o motor do proceso autonómico nos anos trinta. E foi grazas a el que acabou aprobándose no referendo do 28 de xuño de 1936 un Estatuto de Autonomía para Galicia.

Como influíu a Guerra Civil na sociedade galega?

Pois máis ou menos como en todas as partes. Foi unha auténtica apocalipse. Á parte de destruír a democracia e de exterminar os cadros dirixentes de todos os partidos políticos democráticos, fixo de Galicia o campo de probas do modelo represivo do franquismo. En realidade en Galicia non houbo Guerra Civil pois quedou baixo o control dos franquistas en apenas tres semanas, como tampouco houbera antes grandes persecucións ós cregos nin queima de igrexas, nin ataques violentos ás dereitas; é dicir, non había ningún motivo para unha represión forte e aínda así a represión foi dende o primeiro día brutal, sistemática, case científica e un anuncio do que lle esperaba ó resto de España se os sublevados gañaban a Guerra Civil. Por outra banda, as consecuencias na posguerra son ben coñecidas: un gran retroceso económico, moitas privacións, fame, anulación dos dereitos fundamentais... Tal e como acontecía no resto de España. En definitiva, un auténtico desastre.

Como viviu vostede o franquismo?

Vivín o franquismo como boamente puíden. Nacín no ano 1941, polo tanto coa ditadura nos seus primeiros anos. De neno vivín a posguerra con todas as súas carencias e consecuencias e tamén a represión, e cando cheguei á idade semiadulta (20 anos) entrei na oposición antifranquista na universidade e pasei os últimos 11 ou 12 anos do franquismo loitando contra a ditadura.

Que é o chamado Piñeirismo?

O Piñeirismo é o nome dunha política elaborada, non só por Ramón Piñeiro, senón polo conxunto do coñecido como grupo Galaxia durante o franquismo. Piñeiro, o ideólogo maior do grupo, proviña do Partido Galeguista. Nos primeiros anos da ditadura intentou reconstruír o Partido Galeguista na clandestinidade xunto con un reducido número dos seus compañeiros, pero foi detido en pouco tempo e permaneceu na cadea tres anos, ata 1949. Esa experiencia traumática lévao a unha revisión da súa ideoloxía nacionalista anterior; revisión que vai elaborando nos anos cincuenta e que ten unha tradución práctica na fundación da editorial Galaxia en 1950. O cambio maior consiste en renunciar á acción política organizada contra a ditadura e substituíla pola acción cultural, para que polo menos os valores básicos do galeguismo puidesen pasar ás xeracións seguintes. Por outro lado, renuncia tamén ó nacionalismo como tal para resolver os problemas de Galicia, non ó galeguismo, e a cambio propón traballar para que todos os partidos actuates en Galicia asuman un galeguismo basal.

É a editorial Galaxia un referente para a cultura galega?

Foi un referente durante os anos cincuenta e sesenta porque era, aínda que había algunha outra editorial pequena, o facho que mantiña vivo ese galeguismo de resistencia. Cando chega a Transición, ese monopolio desaparece, nacen outras editoriais, nacen outras iniciativas, o nacionalismo galego xa ten unha gran presenza e, polo tanto, hoxe en día Galaxia é un actor máis dentro dunha constelación de elementos que manteñen ou que intentan manter viva a personalidade de Galicia no ámbito cultural.

Que opinión ten sobre a Igrexa en Galicia?

A Igrexa Católica en Galicia é moi parecida á dos demais países europeos. O único que ten interese para nós é a súa actitude respecto do nacionalismo porque nisto si hai unha gran diferenza con, por exemplo, a Igrexa en Cataluña ou no País Vasco, sobre todo a partir dos anos trinta, cando unha boa parte destas igrexas apoian as forzas políticas e culturais que se corresponden coa existencia dunha nación catalá ou dunha nación vasca. Iso en Galicia non acontece ou polo menos non acontece en termos significativos. En Galicia a xerarquía eclesiástica e a maior parte do clero foron sempre hostís ó galeguismo. Nos seminarios de Galicia, os seminaristas que procedían fundamentalmente do ámbito rural para os que polo tanto a súa lingua natural era o galego, eran reprimidos para que non falasen en galego. Outro exemplo é o uso do galego na liturxia. O Concilio Vaticano II aconsellou que a liturxia se fixese sempre nas linguas vernáculos, pero en Galicia custou moito facelo de modo xeralizado.

Que nos di sobre o proxecto de venda do Pazo de Meirás por parte da familia Franco?

É unha manobra da familia Franco para ver se pode salvar unha parte da riqueza que ten indebidamente. Aquí o que hai é un problema de dignidade, é dicir, non se pode pretender que haxa que pagar para recuperar algo que nos pertence.

Que importancia tería recuperar ese Pazo de Meirás para o patrimonio do pobo galego?

Unha importancia máis simbólica que material. En si mesmo o pazo non deixa de ser un “pastiche” de finais do século XIX, de escaso valor monumental e arquitectónico, e máis nun país como Galicia que conta con centos de pazos máis antigos e moito máis valiosos dende o punto de vista artístico

e histórico. Porén, a súa devolución ó patrimonio do pobo si ten importancia como dobre reparación. Reparación cultural por canto foi o fogar da gran literata Emilia Pardo Bazán, despois aldraxado e saqueado polas estadias de veraneo do ditador e a súa familia. E reparación política da dignidade da nosa terra, como mostra de que ó cabo a democracia prevalece sobre a ditadura.

Que opina da situación actual do medio rural galego? Ten futuro o noso sector agrario?

Pois que non é boa. Por unha banda é obvio que se comparas o modo de vida e o nivel de vida dun labrego de hoxe coa de hai 60 anos, non hai comparanza. O nivel mellorou moito (en produtividade, en técnicas...), pero se miras outro aspecto e ves o despoboamento do medio rural, o enorme envellecemento da poboación activa do campo, e non miras cara atrás senón cara adiante, entón a situación é moi complexa.



Pensa que o “atraso” en Galicia vai a menos ou a máis?

Eu penso que vai a menos, xa que, pese a estes problemas de despoboamento e envellecemento, a brecha entre a media europea ou a española e a galega en todos os parámetros

de todo tipo, está acurtándose. Pero, atrasada ou non, os problemas da Galicia actual son moitos e non pequenos: o aumento da desigualdade, a emigración da mocidade mellor formada por falta de oportunidades, a perda de músculo industrial e financeiro en comparación con outros países, as dificultades da agricultura e da gandería, etc.

Que opina sobre o problema da baixa natalidade en Galicia?

É o problema máis grave que ten Galicia a longo prazo. Sexa pola baixa natalidade ou sexa pola falta de inmigración suficiente, os datos están aí. Neste momento, en Galicia, por cada pensionista hai 1,6 activos que coticen, polo que este problema non ten fácil solución e parece que non tende a mellorar: non é coma un antibiótico que baixa e mata o becho en tres días.

É Ana Pontón unha boa dirixente para o BNG?

Eu penso que esa resposta ten que dala o BNG. Creo que non o está facendo mal, mais non me atrevo a opinar se é boa dirixente porque aínda non pasou tempo suficiente para saber se a mellora do BNG en resultados será duradeira.

Que opina das Mareas como unha nova proposta política para Galicia?

As Mareas son, como o é Podemos no resto de España, a consecuencia dunha reacción positiva a unha crise para a que os partidos tradicionais de esquerdas non foron quen de dar respostas axeitadas. Por un lado, dadas as circunstancias que existían na política, dada a crise, foi positivo que aparecese, pero o problema é que non se acaban de aclarar, é dicir, que son unha ola de grilos: nin se sabe moi ben cal é o seu proxecto político, nin como compaxinar as distintas sensibilidades que conviven no seu seo, e están reproducindo os vicios dos vellos

partidos, facendo prevalecer moitas veces as querenzas e os intereses das pequenas tribos sobre o que esixe o proxecto transformador que din querer conseguir.

Como ve vostede a situación actual de Cataluña? Que medidas propondría neste problema?

Véxoa mal. A única vía de saída (se é que inda se está a tempo) pasaría primeiro por cambio radical no goberno de España. Mentres no goberno de España haxa un nacionalismo español totalmente “estúpido” e arrogante, non hai nada que rascar, xa que se retroalimentarán as rabias dun lado coas do outro, que é o que está sucedendo, e para trocar isto, unha das dúas partes ten que cambiar e ten que ofertar unha terceira vía, que está durmida pero non morta. Cando se fan as enquisas en Cataluña e se lle pregunta á xente, en lugar de dar dúas opcións (entre independencia ou “*aquí te jodes, aquí te quedas*”), deberían introducir unha terceira: a vía de reformar a Constitución para que o pobo catalán decida dunha vez que quere.

Que papel destacaría de Xosé Manuel Beiras e do seu labor político?

Eu preferiría non contestar esta pregunta, aínda que Beiras é moi importante na historia recente de Galicia.

Que retos afronta Galicia no século XXI?

Moitos. Específicos xa falamos dalgúns deles: a súa propia viabilidade como pobo e como cultura, o cal depende, por unha banda de que teñas xente porque non hai nación sen nacionais; e que consiga ampliar o seu autogoberno para garantir un mellor tratamento para os seus problemas; e despois, como consecuencia, creo que ten un problema de mellorar a súa competitividade e a súa economía, e tamén recuperar dereitos sociais.

Considérase vostede galeguista?

Si. Olo, como cidadán considérome galeguista, como historiador nin son galeguista nin deixo de selo, ou polo menos inténtoo.

Que significa para vostede ser o actual director do Museo do Pobo Galego?

En realidade son presidente do Padroado do Museo, o que pasa é que como o director está de baixa nestes momentos, pois o Consello do Goberno do Padroado ten que asumir os labores de dirección técnica do museo. É unha responsabilidade e é un orgullo. Para min e para os que o fundamos, o museo é un fillo máis. Para min é coma o meu terceiro fillo.

Que futuro lle ve ó Museo do Pobo Galego?

Espero que positivo, pero tampouco podoo garantilo. O museo ten un problema fundamental, que é o relevo xeracional para poder continuar co mesmo espírito que se fundou.

[MOI AGRADECIDOS POLO SEU TEMPO E POLAS SÚAS RESPOSTAS!]



Biobibliografía

Justo Beramendi González, nado en Madrid o 16 de xullo de 1941, é catedrático emérito de Historia Contemporánea na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela (USC), da que foi vicerreitor durante os anos transcorridos dende 1990 ata 1994.

Aínda que como historiador as súas especialidades se centran en Historia das ideoloxías e dos nacionalismos, previamente estudou Enxeñaría Industrial en Madrid (1959-1967), onde militou na esquerda antifranquista, primeiro como dirixente da Federación Universitaria Democrática Española (FUDE) entre 1965 e 1967 e despois no Partido Comunista de España (internacional) entre 1968 e 1969. Tamén foi membro do Teatro Español Universitario da súa escola, co que participou no I Festival Mundial de Teatro Universitario (Nancy, 1964) e cofundou o Grupo de Teatro Popular, que actuou nos barrios obreiros de Madrid en 1965 e 1966. Fuxindo da policía política trasladouse en 1969 a Barcelona, onde traballou de tradutor e iniciou a carreira de Filosofía e Letras (sección de Historia). En 1974 marcha a Santiago de Compostela, cidade na que residirá ata hoxe e na que simultaneou o seu traballo como xerente da Comisión de Cultura (1974-1978) e secretario técnico (1978-1984) do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia co remate da licenciatura de Xeografía e Historia (1977-1980) e o doutoramento en Historia Contemporánea (1981-1987), cunha tese sobre o nacionalismo galego no primeiro terzo do século XX que mereceu o Premio Extraordinario. Profesor contratado (1985-1989), profesor titular (1989-1995) e catedrático (1995-2011) na área de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago, foi nomeado profesor emérito após a súa xubilación.

Militou no Partido Socialista Galego entre 1975-1977 e entre 1979-1981. En 1976 foi un dos primeiros promotores da

creación do Museo do Pobo Galego, ocupando no seu Padroado os cargos de secretario (1976-1985) e presidente (2000-2011) da súa Xunta Reitora e finalmente de presidente do Padroado (2011-2022). É tamén membro fundador da Fundación Castelao, membro da Fundación Losada Diéguez e foi director da sección de Pensamento Político da Fundación Vicente Risco.

Participou na creación das revistas *Teima* (Santiago, 1976) *Negaciones* (Madrid, 1977), *A Trabe de Ouro* (Santiago, 1990) e *Tempos Novos* (Santiago, 1997). Foi editor ou coeditor das obras de Antón Losada Diéguez, Ramón Villar Ponte, Lois Peña Novo e Castelao. Organizou e coeditou as actas dos congresos *Nacionalismos y regionalismos en la España de la Restauración* (1983), *Castelao* (1986), *Los nacionalismos en la España de la Segunda República* (1988), *Nationalisms in Europe. Past and Present* (1993), *Memoria e Identidade* (2004), *Poder e territorio na España do século XIX. Das Cortes de Cádiz á Restauración* (2012) e *Repensar Galicia: As Irmandades da Fala* (2016). Ademais foi relator nuns cincuenta congresos en Galicia, España e o estranxeiro.

Publicou entre outros libros, capítulos de libros colectivos e artigos, que en conxunto chegan hoxe a case cincocentos, *Miseria de la Economía* (1974) con E. Fioravanti, *Vicente Risco no nacionalismo galego* (1981), *Galicia e a historiografía* (1993), *Ethnos versus Polis? On method and nationalism* (1994), *La historia política: algunos conceptos básicos* (1999), *La España de los nacionalismos y las autonomías* (2001), con J. L. Granja e P. Anguera, *A transición en Galicia* (2007), *A Galicia autónoma* (2007) e *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (Xerais, 2007), obra pola que recibiu en 2008 os premios Nacional de Ensayo, Losada Diéguez de Investigación, premio de Ensaio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e da Crítica de Galicia en Investigación. Tamén recibiu os premios Pedrón de Ouro e Irmandade do Libro 2008 e o galardón Galiza

Mártir da Fundación Alexandre Bóveda no 2009. Outras obras de ensaio que cómpre destacar del son *El nacionalismo gallego* (1997), *Manuel Murguía* (1998), *Alfredo Brañas no rexionalismo galego* (1998), *A vida e a obra de Ramón Villar Ponte* (1991), *A Autonomía de Galicia* (2005), *A revolución de 1846* (2006) e *Historia mínima de Galicia* (2016).

A Justo Beramendi outorgóuselle a Medalla Castelao en 2017.



O libro *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* (Xerais, 2007) é a obra máis premiada de Justo Beramendi.



Historia mínima de Galicia (Turner, 2016), obra orixe deste libro, *A Galicia do século XX*



A Galicia do século XX acabou de imprimir en novembro de 2022, 55 anos despois do ingreso de Ramón Piñeiro na Real Academia Galega.

ISBN 978-84-453-5430-8



9 788445 354308